


cerna

revista galega de ecoloxía e medio ambiente



Outono 2010 • Número 63 • 3 €

Encoro do Umia • Lodos Vermellos • Ordenación territorial
Camiños de ferro • Montes veciñais • Transxénicos • Micoloxía



GALIZA: TERRITORIO AGREDIDO



PARA TER UNHA CIDADE SEGURA PRECÍSASE ALGO MÁIS QUE PALABRAS. ESPAZOS DE CALIDADE NO QUE OS COCHES NON SEXAN UN PERIGO PARA AS PERSOAS, VAIAN A PE OU EN BICI. LOMBOS QUE IMPIDEN UNHA CIRCULACIÓN SALVAXE, LIMITACIÓN DA VELOCIDADE A 30 KM/H EN ZONA URBANA, ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DO ESPAZO PÚBLICO...

EU LIMÍTOME A 30 POR HORA

PORQUE CANDO VOU EN COCHE TAMÉN COIDO A QUEN VAI SEN EL



Premio Nacional de
Seguridade Vial 2010



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

ACTUALIDADE	4
PLANO HIDROLÓXICO	6
XXXV ASEMBLEA XERAL DE ADEGA	7
RECURSOS	9
IMPACTO AMBIENTAL	
A VERGOÑA DO ENCORO VERDE	10
Daniel López Vispo	
GALIZA MIRA A HUNGRÍA	12
Ramón Varela Díaz	
ORDENACIÓN DO TERRITORIO	
GALIZA: UN TERRITORIO AGREDIDO	16
Daniel Vispo	
O URBANISMO NA GALIZA	20
Fernando Adolfo de Abel Vilela e Froilán Pallín Seco	
AS NOVAS DIRECTRICES DA XUNTA	??
Fins Eirexas	
OS CAMIÑOS DE FERRO	23
Xosé Carlos Fernández Díaz	
ORDENACIÓN DOS MONTES VECIÑAIS	26
Xosé Alfredo Pereira Martínez	
BARREIROS: NON TODO É SILENCIO	29
Comba Campoy	
LUGO: O PARQUE ROSALÍA	30
Helena Mosqueira	
ALIMENTACIÓN	
NOVOS AIRES PARA OS TRANSXÉNICOS	32
Plataforma Galega Antitransxénicos	
ENTREVISTA	
FRANCISCO DÍAZ-FIERROS	36
EDUCACIÓN AMBIENTAL	
A MICOFOBIA EN GALIZA	39
Cristovo Ruíz Leivas	
OS 10 ANOS DO CEIDA	42
Ana Belén Pardo, Natalia Neira, Verónica Pajón	
FLORA E FAUNA DE GALIZA	44
Xosé Salvadores, M ^a Xosé Castro e Gemma Pérez	
HISTORIAS DO XURÉS	46
Xan Carlos Fernández	

O TERRITORIO, A NOSA IDENTIDADE

A necesidade dunha resposta social ampla e contundente ante as propostas do Goberno galego sobre a presente e futura ordenación territorial do país semella verdadeiramente urxente. Neste número de CERNA dedicado na súa meirande parte a esta temática, colectivos ecoloxistas, como ADEGA, comunidades de montes, asociacións veciñais, enxeñeiros e especialistas no dereito urbanístico demandan a unidade da sociedade galega na defensa do territorio como parte fundamental e constituínte da súa identidade. Os nosos recursos naturais, o solo, os ríos, o vento, ou mesmo os residuos volven estar á disposición das grandes empresas privadas fronte ao dereito de uso público e social, e desta volta, como xa foi nalgún tempo, amparadas por unha política autonómica e local indiscreta e descarada fronte a sociedade, e submisas e abnegadas fronte os intereses do Capital.

O caso do encoro da Baxe, no río Umia, afectado pola proliferación dunha cianobacteria tóxica difícil de erradicar, é unha mostra das consecuencias da imposición do interese privado fronte ao público coa conivencia da Administración, e sobre o que non existen intencións de emenda. A recente catástrofe social e ambiental vivida en Hungría e protagonizada por unha fábrica de aluminio similar a de ALCOA, no Norte de Lugo, indúcenos a pensar que a falta de control sobre certas actividades industriais por parte do poder executivo pode poñer á poboación nun risco demasiado elevado. E algúns perigos mesmo son agochados pola propia Administración, como foi no caso dos cultivos transxénicos, agora parcialmente localizados.

Tampouco o goberno do Estado se atreve a poñer freos á ambición do Capital privado, a pesar de que contradí os principios de sustentabilidade que abandeirou na súa primeira etapa e os de austeridade polos que avoga na actual. Chega con mencionar algúns exemplos: ampliación innecesaria do aeroporto de Alvedro, AVE á costa da eliminación de trens de proximidade, novas macro-centrais hidroeléctricas no Miño e Sil, o Decreto do carbón, etc.



FRANCISCO DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA

Científico, membro do Seminario de Estudos Galegos e vicepresidente do Consello da Cultura Galega: "No litoral habería que manter a medida dos 500 metros". Entrevista na pax. 36.

cerna

Tel. e Fax. 981 570 099
Travesa de Basquiños, n.º 9 baixo
15704 Santiago de Compostela
Correo electrónico: cerna@adega.info
Web: www.adega.info

COMITÉ DE REDACCIÓN:

Belén Rodríguez, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez, Pepe Salvadores,
Alberte Sánchez e Manuel Soto.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Outono - 2010

Nos artigos asinados, respéitase a normativa lingüística do texto orixinal. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, esceptuando as fotografías, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA editase en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuír á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

DIRECCIÓN
Manuel Soto

REDACCIÓN
Belén Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
distrito xermar

FOTOGRAFÍA
distrito xermar
Ramsés Pérez

ADMINISTRACIÓN
Silvia Amor

D.L.: C-913/1986
ISSN: 1136-2677

NACE A ASOCIACIÓN MONTE PINDO PARQUE NATURAL

O seu obxectivo é demandar a declaración deste Lugar de Interese Comunitario e zona de Rede Natura como Parque Natural. Logo de que ADEGA tomase a iniciativa da proposta, profesores das universidades, investigadores, e varios colectivos sociais e económicos, nome-

adamente da comarca, sumáronse á reivindicación dando lugar á creación desta asociación sen ánimo de lucro que xa organizou varias conferencias e charlas para presentar o proxecto diante da veciñanza e das administracións locais e autonómicas.



distrito xeramar

RECUPERAR O CAMIÑO PRIMITIVO EN TOQUES

ADEGA e Foro do Camiño Primitivo intentan recuperar un treito de 300 metros da vía histórica en Toques que foi desviada da súa traza orixinal pola Xunta de Galiza, nunha actuación carente de rigor histórico. A singularidade patrimonial deste ben natural e histórico-cultural xa foi determinante para que o Supremo ratificara unha sentenza do Tribunal Superior de Galiza pola que se denegaba a explotación dunha canteira propiedade do Sr. Villar Mir.



Belén Rodríguez

CLAMOR POPULAR A PROL DA REXENERACIÓN DA RÍA DO BURGO

Segue ausente un compromiso firme das administracións autonómica e estatal, que continúan incumprindo as directrices europeas de depuración de augas residuais e vertidos, e sobre a calidade das augas para a cría de moluscos. En ausencia de melloras reais, a Consellaría do Mar vén de abrir ao marisqueo de xeito unilateral unha

zona antes cualificada como "zona C". A Plataforma en Defensa da Ría do Burgo demanda participar no deseño do plan de rexeneración medioambiental e de recuperación do marisqueo, así como o peche definitivo dos focos contaminantes e a aplicación das sancións legais aos responsábeis dos vertidos.

GALARDÓNS AO TRABALLO DE ADEGA

Dous dos proxectos máis ambiciosos de ADEGA foron galardoados este outono. O primeiro galardón foi concedido pola Asociación Setestrela á Eira da Xoana, un equipamento situado na parroquia de Ramil, concello de A Golada. Trátase do premio Gómez Román de arquitectura popular que se concede á construcións tradicionais rehabilitadas ou restauradas. O segundo galardoado foi o programa de voluntariado ambiental Proxecto Ríos. O premio foi entregado polo xornal de pesca deportiva "Trueiro", polo seu labor de divulgación e concienciación sobre os ecosistemas fluviais. ADEGA fai extensivo estes galardóns a todas as persoas que participan ou participaron na execución destes proxectos.



distrito xeramar



NOVAS PROTESTAS CONTRA O ENCORO DE CALDAS

O motivo é a proliferación da microalga tóxica *Microcystis Aeruginosa* neste encoro do río Umia que pon en serio risco a saúde pública da comarca do Salnés e o estado ecolóxico do río. Por iso, ADEGA e a Plataforma Anti-Encoro avogan polo

derrubo do encoro, causa da reprodución da cianobacteria. O tema chegou ao Parlamento, onde o grupo popular rexeitou tomar en consideración o rescate da concesión á hidroeléctrica e o desmantelamento do encoro. Ler páx. 10-11.

IMPACTO AMBIENTAL E SOCIAL DO AEROPORTO DE ALVEDRO

A Fiscalía admite a trámite a denuncia interposta por ADEGA, a Asociación Veciñal O noso Burgo, e a Confraría de Pescadores da Coruña pola ampliación do aeroporto de Alvedro, un proxecto non xustificando e innecesario.

Entre as afeccións destacan a desaparición dun barrio, o traslado de varios Bens de Interese Cultural, o desmonte de tres elevacións montañosas, o recheo dun val e o arrastre de lodos cara á río do Burgo.

ROTEIROS POLA LINGUA DE ADEGA-LUGO

Con este lema para as camiñadas deste curso 2010-2011, o idioma galego adquire protagonismo nunha actividade de contacto directo coa natureza e posta en valor da nosa cultura. Cada un dos nove roteiros programados estarán acompañados das verbas de notábeis personalidades da literatura galega ou achegaranse a realidades próximas a Galiza nas que o galego segue sendo parte da súa vida cotiá. Xunto a protección da biodiversidade natural, ADEGA tamén reivindica a protección do principal elemento da nosa identidade.

des da literatura galega ou achegaranse a realidades próximas a Galiza nas que o galego segue sendo parte da súa vida cotiá. Xunto a protección da biodiversidade natural, ADEGA tamén reivindica a protección do principal elemento da nosa identidade.

A PESAR DO SEU ÉXITO, PERIGA A RECICLAXE NO BARBANZA

A débeda dalgúns concellos da mancomunidade do Barbanza coa planta de compostaxe de Lousame pola xestión dos seus residuos, xunto coa redución nun 70% do pago de ECOEMBES polo plástico *film* recuperado nestas instalacións, pon en serio perigo a supervivencia da planta, a pesar de ser a que máis recicla de todo o Estado. Tanto o Comité de Empresa da planta de compostaxe como ADEGA piden a intervención da Xunta, a cal vai renovar o convenio con ECOEMBES para os próximos 5 anos, para que o sistema integrado de

xestión de plásticos asuma o total dos custos da recuperación deste material que lle corresponde por lei.

Ramsés Pérez



EN BREVE

O Estado español prima a queima de carbón estatal. ADEGA valora esta normativa como un paso atrás nas políticas activas de loita contra o cambio climático e cualifícaa de fraude coa cidadanía e co ambiente. A substitución do carbón por fontes de enerxía renovábeis e a reconversión ecolóxica do sector debería ser a única prioridade a primar por parte do Estado.

Concurso eólico. A empresa Estela Eólica, terceira adxudicataria máis beneficiada no reparto de megavatios, leva asociado ao seu proxecto eólico a construción dunha planta de tratamento de residuos no Sur de Galiza. Todo indica que se trata da tan anunciada pola Xunta segunda planta de residuos galega. ADEGA e o colectivo ecoloxista Coto de Frade tildan esta concesión de fraudulenta coas propias empresas eólicas e coa cidadanía galega.

Ampliación da Rede Natura. A Xunta prevé iniciar antes de 2011 os trámites para ampliar os espazos da Rede Natura galega. A súa proposta de aumentar nun 40% a superficie actualmente declarada dirixese predominantemente aos ecosistemas acuáticos e non terrestres. Para ADEGA é unha proposta de mínimos, non tanto pensada para acadar obxectivos conservacionistas como para saír "ao paso" dunha previsíbel sanción europea. Tamén criticou ADEGA que os espazos xa declarados continúen se plans de xestión mentres se está a flexibilizar a súa protección para permitir intereses especulativos.

Cangrexo americano en Rede Natura. A apertura dunha canle de auga na Lagoa de Riocaldo de Begonte, zona de Rede Natura e Reserva da Biosfera, por parte da empresa ERIMSA fai proliferar a expansión do cangrexo americano, principal causa da desaparición do cangrexo autóctono. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil desatendeu esta denuncia de ADEGA, apoiada polo INLUDES.

Paralización cautelar da mina de Pico Vello. Tras as denuncias na Fiscalía de varios colectivos ecoloxistas, a Xunta está a avaliar a modificación da Declaración de Impacto Ambiental da mina de andalucita prevista na Fraga de Pico Vello das Pontes, ás portas do Parque Natural das Fragas do Eume.

Porto deportivo de Ortigueira. ADEGA esixe a inmediata paralización destas obras ao non teren en conta as medidas de protección especial previstas para o transvasamento de lamas e o recheo da dársena nunha zona LIC, ZEPA, Rede Natura e Humidal Ramsar.

NOVOS PLANOS HIDROLÓXICOS NO HORIZONTE

Cerna/Redacción

Cun retardo de máis dun ano presentouse a consulta pública o borrador de plano para Galiza-Costa, mentres a proposta correspondente ao Miño-Sil está aínda en fase de consultas previas. Porén, todo indica que o ecoloxismo galego vai ter máis que dicir en relación con este último que co primeiro.



Ríos con Vida

Río Eume.

O informe "Directiva Marco de Aguas. Preparando la evaluación de la década" da Fundación Nova Cultura da Auga (FNCA)¹ pon de manifesto a involución política en materia ambiental que caracterizou a segunda lexislatura de Rodríguez Zapatero. A parálise na renovación da política hidrolóxica é xeral nas zonas do actual MARM. En relación coas demarcacións autonómicas, o informe pon a Catalunya como exemplo positivo e define para Galiza un "perfil baixo" na actualización das políticas hidrolóxicas, a pesar do inmenso potencial natural e a problemática asociada a uns ríos con fortes alteracións das condicións hidromorfolóxicas, colonizados por empresas hidroeléctricas.

O borrador do Plan de Galiza-Costa iniciou o proceso de consulta pública o pasado mes de agosto, un ano tarde en relación ás previsións da Directiva. Cun orzamento duns 882 M€, para o período 2011-2015, o plan ten como obxectivo alcanzar o bo estado nun 70% das masas de auga, eximindo imposibilidade técnica no restante 30%. En sintonía co enfoque e as prácticas impulsadas polo MARM, Augas de Galicia minora os custos repercutíbeis, excluindo os ambientais e os de recurso, afirman desde a FNCA. Escúsase para isto nun presunto interese xeral co que se xustificaron nas últimas décadas as principais actuacións de destrución dos ríos.

DEMARCAÇÃO MIÑO-SIL

Mentres ADEGA non tivo oportunidade de participar na fase previa de consultas para o proxecto de Galiza-Costa, a Asociación si foi convidada recentemente a enviar suxestións ao Plano do Miño-Sil, que aínda non foi presentado e por tanto acumula un atraso aínda maior. ADEGA reclamou ter en conta o criterio da unidade da bacía, e brindouse a apoiar a xestión integral no ámbito Galiza-León (Bierzo)-Miño portugués, e resolver así o anacronismo de que Galiza non teña o peso que merece na xestión desta bacía.

As propostas de ADEGA á Demarcación Miño-Sil están na liña da Lei 5/2006 para a Protección dos Ríos e, sobre todo, do texto inicial da ILP que a orixinou. Para ADEGA é prioritaria a necesidade dun plano de restauración dos ecosistemas fluviais con atención especial ao réxime hidrolóxico e de continuidade do río, co obxectivo que as especies migratorias teñan acceso a toda a bacía hidrográfica, ou cando menos a unha parte significativa, recorrer á caducidade das concesións hidroeléctricas e das captacións de recurso para restituír o bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas acuáticos, ou proceder ao desmantelamento de certas infraestruturas hidráulicas.

Como medidas preventivas, ADEGA subliña a necesidade de reconverter para agricultura ecolóxica preferentemente aquelas explotacións con incidencia directa na calidade do medio acuático e, nomeadamente, o establecemento de dotacións de referencia que garantan a satisfacción das necesidades básicas das persoas, non superando os 150 L/hab-día para usos domésticos urbanos, ou as que deriven da aplicación das mellores tecnoloxías dispoñíbeis no referido aos usos agrogandeiro e industrial. Neste sentido, propúxose non autorizar ningunha estrutura hidráulica, captación de recurso, vertido ou uso cando se superen as dotacións de referencia.

Outras demandas son a restauración de humedais e zonas de inundación dos ríos, a restauración hidrolóxico-forestal das bacías, ou a restauración dos espazos fluviais afectados pola minaría, neste caso con cargo ás explotacións mineiras, e un plano de saneamento ecolóxico baseado na prevención e nos tratamentos naturais e de baixo custo. Unha medida necesaria é a creación dunha rede de vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos, contando cos diferentes equipos de investigación existentes na Galiza así como cos diferentes proxectos de voluntariado ambiental. A educación ambiental para a redución do consumo de auga, a prevención da contaminación e o aforro enerxético, así como a mellora da capacitación técnica do persoal das administracións relacionadas coa auga, incluída a local, son outras das prioridades apuntadas.

Nota:

1. Feito público en setembro de 2010, está accesíbel en <http://www.unizar.es/fnca/> premeando en "Observatorio de seguimiento de la DMA". No mesmo enderezo, é igualmente interesante o documento "La planificación hidrológica y la Directiva Marco del Agua en España: Estado de la Cuestión" (novembro de 2010).

O TERRITORIO, A NOSA IDENTIDADE

Belén Rodríguez

O pasado 27 de novembro, ADEGA celebrou a súa XXXV Asemblea Xeral baixo o lema "O territorio, a nosa identidade". Tras afondar nos motivos polos cales a organización ecoloxista máis senlleira de Galiza afirma que estamos a vivir unha involución ambiental "sen precedentes" na historia do país, sinalou que o seu obxectivo primordial para o vindeiro ano vai ser a defensa do territorio galego de todas cantas ameazas ten e se prevén: urbanismo á carta, máis incineración, máis muíños "a dedo", máis minicentraís, máis asfalto e coches, espazos naturais menos protexidos, menos restricións urbanísticas, menos tren de proximidade, menos dereitos cidadáns...

No seu 35 aniversario, ADEGA destacou os tempos de hostilidade que está a vivir o movemento ecoloxista e o resto da sociedade para defender o medio e o territorio galegos. O rexurdimento de novas-vellas políticas e proxectos impactantes que quedaron no esquecemento, ou a elaboración de instrumentos de xestión "retrógados" (Plano de Residuos, Plano Hidrolóxico, Plano MOVE, etc.), e carentes de contido (Directrices de Ordenación do Territorio, Plano Litoral...) poñen de novo en perigo a sostibilidade e protección dos nosos recursos. Por iso, fixou como obxectivo principal das accións de ADEGA a defensa do territorio como elemento transversal e de referencia de todas as súas áreas e grupos de traballo.

Este contexto político-social-ambiental fai que ADEGA reafirme con maior intensidade o seu compromiso na defensa do patrimonio ameazado, non só por constituíren un recurso natural, senón por ser un elemento que nos identifica como pobo. Consciente da transcendencia deste desafío, que excede o ámbito de actuación do colectivo ecoloxista, ADEGA fixo un chamamento ao resto do tecido social e cultural galego para establecer sinerxías e cooperar na demanda da protección territorial fronte a proxectos agresivos no litoral, no medio rural, nos espazos naturais protexidos, nos ríos, etc. Así mesmo, estableceu unha serie de liñas estratéxicas, nomeadamente, a nivel organizativo e comunicacional, que buscan mellorar e aumentar a súa presenza e capacidade de actuación na sociedade galega.

RESOLUCIÓNS

A Asemblea Xeral aprobou varias resolucións que se resumen en: condena á actuación do goberno marroquí nos campamentos saharauís de Al Aiun; rexeitamento dunha segunda planta

incineradora en Galiza e demanda dunha investigación sobre a situación de SOGAMA; reclamo á Administración para rexenerar de inmediato a ría do Burgo; apoio ás mobilizacións creadas a favor do tren de proximidade e distancias curtas; sobre a crise económica e a súa compoñente ambiental; e, a prol da racionalización das infraestruturas de transporte aéreo en Galiza e en contra a ampliación do aeroporto de Alvedro.

AGRADECIMENTOS

Por último, ADEGA agradeceu a presenza doutras forzas sociais, ambientais e políticas convidadas: Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, AEMS-Ríos con Vida, PSdG, BNG, Sindicato Labrego



Ramsés Pérez

Galego, Asociación polo Parque Natural Monte Pindo, Plataforma pola Defensa do Río Mandeo, Mesa pola Normalización Lingüística, Agrupación Cultural Alexandre Bóveda e a Concellería de Solidariedade, Normalización Lingüística e Mocidade do Concello de A Coruña.

- NOVA XUNTA DIRECTIVA -

- Presidenta e vogal de Ríos: *Virxinia Rodríguez*
- Vicepresidente: *Xesús López Piñeiro*
- Secretario Xeral e vogal de Mundialización e Pacifismo: *Froilán Pallín*
- Vicesecretario Xeral e vogal de Biodiversidade: *Xosé Salvadores*
- Tesoureiro: *Xan Louzao*
- Vogal da Comisión Permanente e de Consumo Sustentábel: *María Xosé Castro*
- Vogal da Comisión Permanente e de Publicacións: *Manuel Soto*
- Vogal da Comisión Permanente e de Transporte e Cambio Climático: *Adela Figueroa*
- Vogal da Xunta Directiva: *Montserrat Lombardía*
- Vogal da Xunta Directiva: *Alberte Sánchez*
- Vogal da Xunta Directiva: *Pepa Pérez Sañudo*
- Vogal da Xunta Directiva: *Nes Lopes*
- Vogal da Xunta Directiva: *Serxio Perille*
- Vogal de Agroecoloxía e Transxénicos: *Margarida Miguéns*
- Vogal de Comunicación: *Belén Rodríguez*
- Vogal de Cooperación: *Lucía Parente*
- Vogal de Dereito Ambiental: *Fernando de Abel*
- Vogal de Desenvolvemento Rural: *Loís Toirán*
- Vogal de Educación Ambiental: *Ramsés Pérez*
- Vogal de Enerxía e Cambio Climático: *Fins Eirexas*
- Vogal de Espazos Naturais: *Martiño Fiz López Lindoso*
- Vogal de Estratexias de Comunicación: *Benigno F. Salgado*
- Vogal de Medio Rural: *Xabier Bruña*
- Vogal de Mocidade: *Alberte Mera*
- Vogal de Montes: *Marcial Barral*
- Vogal de Muller: *María García*
- Vogal de Ordenación do Territorio e Urbanismo: *Daniel L. Vispo*
- Vogal de Patrimonio Cultural e Arqueoloxía: *Manolo Miranda*
- Vogal de Protección Animal: *Isabelle Kerdudo*
- Vogal de Patrimonio Xeolóxico: *Xoán Ramón Vidal Romani*
- Vogal de Recursos Audiovisuais: *Xosé Luís Blanco*
- Vogal de Relacións Sociais: *Suso Oca*
- Vogal de Residuos: *María Lafuente*
- Vogal de Saúde Ambiental: *Luis Díaz Cabanela*
- Vogal de Voluntariado: *Paco Bañobre*



ADEGA + TI

SÚMATE Á DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA

ADEGA,
a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza,
pretende a conservación
e rexeneración do medio
e o desenvolvemento sustentábel.

Para conseguilo denuncia os ataques a que se ve sometido,
aconsella sobre as actuacións máis adecuadas,
ensina como é Galiza, a súa natureza e a súa xente,
amosa que outra vida máis respectuosa co ambiente pode ser vivida



Nome e Apelidos:

NIF: Data de Nacemento: Teléfono:

Enderezo: Localidade: CP:

Provincia: Profesión: Correo electrónico:

Modalidade de inscrición (Inclúe a subscripción gratuíta á revista CERNA):

- Normal ➔ 48 euros/ano
- Xuvenil ou parado/a ➔ 24 euros/ano
- Superior ➔ 78 euros/ano

Suscripción únicamente a revista CERNA / Cuadernos ADEGA:

- Revista Cerna (trimestral) ➔ 10 euros/ano
- ADEGA Cadernos ➔ 4 euros/ano (desconto do 50% soci@s)

Domiciliación: Titular da Conta:

Banco ou Caixa:

Sucursal:


Conta Número: ____ / ____ / ____ / ____

Prego que ata nova orde fagan efectivos á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, con cargo a miña conta, os recibos que ao meu nome lles presente a devandita asociación.

Data: ____ / ____ / ____ Sinatura:

Enviar esta solicitude a:
ADEGA - Travesa dos Basquiños, 9 Baixo • 15704 Santiago de Compostela

LIBROS



PLANETA VIVO INFORMA. Biodiversidad, biocapacidad y desarrollo.

WWF, Sociedade Zoolóxica de Londres e Rede da Pegada Ecolóxica Español (116 páx.)
Depósito legal: M-42.789-2010

Un ano e medio é o tempo que precisa a Terra para rexenerar os recursos renovábeis empregados no ano 2007. Dous é o número de planetas que precisaremos en 2030 para manter o noso actual estilo de vida. Estes son datos extraídos do estudo que relaciona biodiversidade, biocapacidade e desenvolvemento, realizado por WWF. O Informe "Planeta Vivo 2010" é unha avaliación bianual que analiza a situación da biodiversidade global e mide a demanda da poboación sobre os recursos naturais da Terra. A oitava edición deste exhaustivo estudo assevera que, mentres a saúde **dos ecosistemas diminuíu nun 30%, a pegada ecolóxica duplicouse**. A organización insiste en que é imprescindible xuntar esforzos para cambiar o modelo enerxético actual e a nosa dieta se queremos deixar de rebordar os límites da Terra. Podes descargar o informe na web: www.wwf.es



BRAÑA Nº10 (2010). Censos de aves acuáticas invernantes 2001-05.

SGHN (Sociedade galega de Historia Natural) Galego (71 páx.)
Prezo: 20€
ISBN: 978-84-613-8862-2

Esta publicación recolle e interpreta os datos dos censos invernais de aves acuáticas realizados en Galiza pola SGHN durante o período 2001-2005, no marco dos censos coordinados a nivel internacional por Wetlands International. Os censos realízanse durante os meses de xaneiro destes cinco anos, nos que se rexistraron 57 localidades, 50 delas todos os anos, grazas á participación de 89 ornitólogos da SGHN, dos cales 41 participaron asiduamente e os restantes de xeito ocasional. Os medios foron cedidos polos participantes no censo, que correron con todos os gastos. Sen esta colaboración altruísta e esforzada, a realización deste traballo sería imposible e non teríamos ao noso dispor esta monografía.

+info: www.sghn.org



RODRIBICO

Manuel Guisande e Xosé Tomás (Ilustracións) Baía Galego (32 páx.)
ISBN: 978-84-92630-48-6

Rodribico é un paxariño ao que lle encanta estar forte e vivir todo tipo de aventuras. Habita nunha inmensa árbore, con grandes pólas, e no seu niño ten todas as comodidades que unha ave pode desexar. Baía Edicións presentou recentemente os cinco primeiros títulos desta colección para nenas e nenos.

GUÍAS



PARQUE DE BRANDIA. Santiago de Compostela

Concello de Santiago de Compostela Galego (25 páx.)
Deposito legal: C 1995-2010

O departamento de Parques e Xardíns de Compostela vén de editar o III Volume da *Colección Parques de Compostela*, dedicado ao Parque de Brandia, ás beiras do Sar e situado no barrio de Vidán.

A guía, presentada ao público pola Concelleira de Medio Ambiente, Elvira Cienfuegos, é un libríño que destaca o interesante patrimonio deste espazo e que conta cun plano de situación que facilita a súa visita. Este espazo verde da cidade conta con máis de seis hectáreas de terreo no que acolle un rico patrimonio natural e histórico. Alén da fauna e flora característica dos bosques de ribeira, no Parque de Brandia tamén existe unha zona humanizada na que se atopa o xardín xeométrico da Casa de Brandia, convertido hoxe en centro veciñal. Podes descargar esta guía e outras, dedicadas á Almárciga e á Granxa do Xesto, na web:

<http://www.compostelaviva.org>



COGOMELOS DUNARES

Xosé Manuel Castro Marcote Do Cumio Galego e Español (192 páx.)
ISBN: 978-84-8289-387-7

É a derradeira obra do presidente da Asociación Micolóxica Pan de Raposo e ten a particularidade de ser unha das poucas publicacións que aborda os fungos das dunas. Os sistemas dunares son espazos ecolóxicos onde sobrevivir é extremadamente difícil, pero a vida consegue finalmente evolucionar e adaptarse. Este libro amósanos tanta biodiversidade que mesmo resulta difícil de crer. A guía baséase no estudo e catalogación de dez anos, nos que se identificaron máis de 300 especies fúncicas, nos areais e sistemas dunares do litoral atlántico galego. Consta con 80 fichas con macro e microfotografías a toda cor e observacións de todas as especies atopadas. Xosé Manuel Castro Marcote tamén é coautor do libro *Setas de Galicia*.

+ nfo: www.cumio.com

LIGAZÓN



WWW.PANDERAPOSO.ES

É a web da Asociación Micolóxica-Naturalista Pan de Raposo que informa, entre outras cuestións, das saídas ou xornadas micolóxicas que organiza esta asociación. Ten unha sección de investigación sobre cogomelos, ademais das de formación, cociña, ou favoritos, onde se sinalan unha mancha de ligazóns a entidades micolóxicas. Paga a pena experimentar a receita de Lepiotas con ameixas que nos presenta Vicente del Valle na sección de cociña.

'RECURSOS' CERNA PIDE A TÚA COLABORACIÓN

Se estás interesad@ en que divulguemos na revista galega de ecoloxía e medio ambiente Cerna algún libro, CD, revista, película, documental, etc, ponte en contacto con nós no seguinte enderezo electrónico: ramses@adega.info, indicando 'Recursos' Cerna.

A VERGOÑA DO ENCORO VERDE

Daniel López Vispo*

Este verán, unha vez máis, a contaminación da auga do río Umia por cianobacterias do xénero *Microcystis* ten obrigado ás autoridades municipais de Caldas de Reis a interromper o subministro de auga potábel desde a captación de Segade. Desde 2006 este feito vense repetindo cada ano, de xeito que parte da poboación do Salnés ten que ser abastecida por medio de camións cisterna de auga procedente dos depósitos da ETAP de Vilagarcía. Este ano, a proliferación da cianobacteria foi especialmente impactante. A súa extraordinaria explosión faise visíbel no espesor da lámina verde intenso de microalgas que cobre a superficie do encoro de Baxe e no cheiro que desprende. A falla de garantías sobre a completa salubridade das augas que discorren abaixo do encoro para o abastecemento da poboación reactiva a denuncia social que reclama, dunha vez por todas, a liberación das augas da presa e, por tanto, o derrubido do encoro, hoxe destinado exclusivamente á produción hidroeléctrica.

A CIANOBACTERIA *MICROCYSTIS*

É ben sabido que a proliferación explosiva da poboación de cianobacterias do xénero *Microcystis* ten a súa orixe nas augas do encoro de Baxe, desde onde se traslada ao fluxo do río, colonizando as augas abaixo da presa. No obstante, a contaminación deste tipo non é tan preocupante pola súa capacidade de proliferación, como polo seu carácter extremadamente tóxico, tanto para o río como para a saúde das persoas. A cianotoxina, -coñecida co nome de *microcistina*-, ao liberarse é solúbel na auga, sen que poida ser retida con éxito por ningún método de filtración (carbono activo), nin tampouco totalmente destruída polos máis eficientes sistemas de oxidación (ozono) usados nas estacións de tratamento de auga potábel. Tampouco se pode obviar que a microcistina, ao ser oxidada no tratamento da auga potábel, pode dar lugar a produtos de degradación como benceno e benzoderivados que son cancerixenos.

Efectos na saúde

A toxicidade destas cianobacterias está pouco estudada; aínda así, os informes da Organización Mundial da Saúde (OMS), incorporados á última edición da súa Guía de calidade da Auga Potábel, aseguran que a microcistina crea importantes danos no sistema hepático (efectos hepatotóxicos), no intestino e no sistema nervioso central. Advirten ademais de que pode ser inductora de procesos tumorais e que presenta efectos acumulativos no organismo, o cal implica que non haxa para as microcistinas unha dose mínima de seguridade. A ingestión de auga contaminada por microcistinas é a vía máis coñecida e perigosa de intoxicación; pero por inhalación ou vía cutánea tamén se dan casos.

Por outra banda, a OMS apunta que as microcistinas non presentan unha sintomatoloxía específica, polo que é doado que moitos casos de intoxicación pasen totalmente desapercibidos. Tamén sinala a dificultade de detección por métodos analíticos rutineiros (con-



centracións de microcistina por debaixo de 1 microgramo/litro), co cal queda moi limitada a marxe de seguridade que se lle pode esixir á auga potábel.

Efectos no río

A presenza de cianobacterias *Microcystis* no río Umia non só é preocupante para a calidade da auga potábel, senón tamén para a mesma vida do río. Con independencia da toxicidade da microcistina, a proliferación bacteriana concentrada nunha densa capa verde priva de luz e de osíxeno a toda a columna de auga, facendo inviábel calquera outra forma de vida. A maiores, a presenza de microcistina na auga do río vai ter un efecto selectivo sobre o conxunto da fauna fluvial, -vertebrados ou invertebrados-, subsistindo só aquelas especies que lle son resistentes, o que vai derivar nun efecto de bioconcentración e biomagnificación ao longo da cadea trófica que, tarde ou cedo, acabará por chegar até nós.

A SOLUCIÓN DEFINITIVA: A DO SENTIDO COMÚN

Ante esta situación reiterada e de grave risco para a saúde das persoas e do río, a Coordinadora antiencoro, veciños e veciñas de Caldas e ADEGA esixen á Xunta de Galiza unha solución definitiva ao problema da proliferación




A Coordinadora Antiencoro, veciños e veciñas de Caldas e ADEGA esixen o derrubido do encoro de Baxe como solución definitiva ao problema da proliferación explosiva da cianobacteria *Microcystis*.



explosiva da cianobacteria *Microcystis*, que non é outra que o derrubo do encoro de Baxe. É o momento de facer prevalecer a saúde da poboación e do río por riba do negocio hidroeléctrico e tamén a oportunidade de rectificar todas as irregularidades cometidas arredor deste encoro, desde unha avaliación de impacto ambiental copiada dun proxecto no río Guadiana, até a expropiación ilegal dos terreos para cedelos ao negocio privado do Sr. Cortizo, como así ratificaron despois os tribunais. Mesmo o Consello de Contas de Galiza criticou a inxente dotación de fondos públicos que hai 14 anos o goberno Fraga destinara para a construción da presa. E inxentes cantidades de cartos semella que o actual goberno vai destinar a dar cobertura e continuidade a tal despropósito.

Tras deste reclamo social, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, adiantou que o seu Departamento está a traballar nun Plano Integral da bacía que implicará a mellora da depuración das augas residuais que chegan ao río. Porén esta actuación é unha obriga que hai que acometer con independencia do xurdimiento desta problemática e por disposición da Lei de augas, da Directiva Marco e da Lei 5/2006 en defensa dos ríos. Anunciou tamén un tratamento paliativo con balas de palla no encoro, similar ao que se está experimentando no encoro das Forcadas (Valdoviño), e unha nova xestión da presa cara a manter niveis máis altos de auga no verán e, por suposto, reforzar os sistemas de tra-



Estruturas químicas das microcistinas.

tamento de auga potábel das poboacións de Caldas, Vilagarcía, Portas e Ribadumia, que se abastecen do río augas abaixo do encoro de Caldas.

Desde logo, hai que recoñecer que ao Sr. Conselleiro, quen no seu día asinou a fraudulenta Avaliación de Impacto do encoro, non lle falta imaxinación para intentar salvagardar o negocio do Sr. Cortizo. Pero postos a suxerir como gastar os cartos do novo canon da auga que acaba de entrar en vigor tras da publicación da Lei 9/2010, ben podería pensar o Conselleiro en refrixerar a auga do encoro, impedindo así o incremento da temperaturas e a proliferación bacteriana; ou en cubrir toda a lámina de auga da presa cunha lona opaca á luz, impedindo a función fotosintética e, así, a supervivencia de todo tipo de cianobacterias. E tamén, por que non?, nun momento en que o negocio da construción está en crise, ben podería cementar todo o vaso do encoro e incluso toda a canle do río. O negocio de Hidroeléctrica Cortizo, ben paga a pena!

Fóra de toda ironía, e aplicando o sentido común, a única proposta razoábel é a de demoler o encoro, xa que a auga encorada é a que dá lugar a proliferación das cianobacterias; pero tamén por outros motivos: porque non podemos seguir consentindo a morte do río e o risco de envelenamento da poboación do Salnés; porque é de xustiza priorizar a saúde de todos e todas fronte a calquera negocio hidroeléctrico; porque así o manda a Directiva Marco da Auga que outorga absoluta prioridade á calidade das masas de auga e á recuperación dos ecosistemas fluviais, e porque o encoro de Baxe non ten servido nunca, nin vai servir, para ningún dos usos para os

cales foi declarado de utilidade pública. Porque serve exactamente para o contrario, xa que reduce, degrada e encarece o subministro de auga ao Salnés. Quizais por iso, de tanta vergoña que ten, se tornou verde.

Ramsés Pérez



Ramsés Pérez



* Daniel López Vispo é membro de ADEGA.
+info: *Floracións de cianobacterias tóxicas en augas continentais* (Cerna nº 54, páx. 24-27).

VERTIDO EN HUNGRÍA

A principios de outubro chegounos dende Hungría unha nova de impacto: o vertido de máis de 800.000 toneladas de lodos vermellos que se escaparan dunha balsa por mor da rotura dunha presa que os contiña, situación que provocou moi diversos efectos: a) morte de 9 persoas, feriu a case 200, provocou a evacuación de 800 habitantes de Kolontar; b) afectou a 40 km² de humedais, terreos agrícolas e vivendas, ademais de tinguir de vermello (óxido de ferro) o solo e a auga; c) chegou a diversos afluentes do Danubio, onde provocou un desastre ecolóxico. A industria responsábel, por se alguén o descoñece aínda é unha fábrica de alumina e aluminio, propiedade da compañía MAL AG.

Este suceso catastrófico en Hungría pon de novo de manifesto e evidencia na Unión Europea o seguinte:

- As inadecuadas políticas medioambientais* que teñen moitos países da UE.
- A obsoleta e permisiva lexislación ambiental da UE en materia de residuos industriais.* Cabía esperar que despois do vertido de residuos tóxicos de Aznalcóllar en Andalucía, no ano 1998, a Unión Europea adoptase medidas para evitar novas roturas de presas e vertidos de residuos mineiros ou similares nos diversos países. Resulta curioso e sorprendente que os lodos vermellos da industria do aluminio están catalogados na UE como "non perigosos", aínda que conteñen diversos produtos químicos (sosa cáustica, por exemplo) e



A superficie da presa de ALCOA incrementouse en 68 ha en 30 anos e segue aumentando, xa que percibe arredor de 3.000 toneladas de lodos vermellos ao día.

metais diversos (óxidos de ferro, titanio...), e que presentan un pH sumamente básico ou alcalino que pode pasar de 12, polo que non pode entrar en contacto con plantas, animais e mesmo a grande maioría de microorganismos. Todo isto demostra a inadecuada lexislación fronte aos problemas actuais.

- A inexistencia e/ou non actualización de inventarios,* e mesmo a inexistencia de supervisión e medidas de seguridade e control, tanto nas balsas e encoros existentes das industrias activas, como tamén nas que xa abandonaron a produción en

diversos lugares de Galiza (minería do cobre, do wolfram, do chumbo...), do Estado e da Unión Europea.

OS LODOS DA ALUMINA DE SAN CIBRAO (XOVE)

Alúmina-Aluminio do Norte de Lugo é unha das industrias de aluminio máis importantes de Europa. Aquí, os lodos vermellos xerados, similares aos da industria de Hungría (ambas industrias utilizan o mesmo sistema de tratamento da bauxita para convertela en alumina, mediante o proceso Bayer) tamén se almacenan sobre o solo, en contacto coa atmosfera, recibindo

Os lodos vermellos da Alumina

No complexo industrial "Alumina-Aluminio" de San Cibrao utilizan un sistema de vertido dos residuos insolúbeis patentados pola firma alemá "Gerbründer Giulini GMBH." Este sistema consiste en enviar os residuos insolúbeis ou lodos vermellos cun 60% de contido en sólidos procedentes do tratamento da bauxita a un gran encoro, onde se compactan e solidifican nun prazo de 2 a 4 días, podendo posteriormente utilizar o barro na construción de ladrillos e materiais cerámicos.

Ante as numerosas dúbidas suscitadas polo emprego deste sistema, a Empresa tratou sempre de quitar importancia aos lodos vermellos e incluso chegou a pagar unha viaxe a algunhas persoas para que viran en Alemaña o mesmo sistema que ían empregar nesta factoría. A visita debeu ser do máis rendíbel para Alumina-Aluminio pois os que foron relataban por "doquier" que viran circular paleadoras e máquinas pesadas por riba dos lodos vermellos totalmente solidificados, e até parece que medraban plantas varias con flores vistosas.

A realidade neste complexo industrial instalado en Galiza é totalmente distinta, os residuos insolúbeis ou lodos vermellos non compactan nin solidifican aínda que pasen meses, e hoxe encontramos os lodos semilíquidos no encoro tal como os botaron o primeiro día. A Empresa parece que está facendo experimentos a base de mesturar os lodos con fariña de millo para que acabe solidificando e compactando, segundo afirmaron numerosos veciños de Xove.

A Alumina produce unha cantidade de lodos vermellos que sobrepasan as 330.000 toneladas anuais "base seca" enviándose por medio dun sistema de tuberías a un encoro habilitado para almacenalos a máis de 1 km da factoría, na zona de Lago (o lugar elixido para o encoro estaba dedicado antes a cultivo e pradería). Estes lodos conteñen aproximadamente o 60% de sólidos e levan en suspensión unha alta concentración de sosa cáustica, así como outros produtos tóxicos dos licores negros. Todos estes produtos son unha importante fonte de contaminación e motivo de rexeitamento destas plantas en numerosos lugares (recordemos que este Complexo foi rexeitado en Vilagarcía entre outras razóns polo problema que ían representar os lodos vermellos).

Na actualidade, a non compactación e solidificación trae consigo fenómenos de contaminación importantes, en especial para os prados circundantes, prados de regadío que foron recorridos por regos de auga vermella contendo lodos da "alumina". Tendo en conta que o pH dos lodos é do orde de 12 (sumamente alcalino) e que as plantas dos prados están adaptadas a un pH que vai de 6 (ácido) a 7,5 (neutro ou lixeiramente básico), o efecto que vai producir, de continuar a contaminación, vai ser a mortalidade da inmensa maioría das plantas, a alteración drástica da absorción dos elementos nutritivos do chan, alteración no desenvolvemento dos microorganismos, etc.

O fenómeno de filtración non só prexudicará aos vexetais, senón que tamén contaminará as augas subter-

ráneas e a mesma auga do mar litoral, con previsíbeis repercusións gravísimas na flora e fauna do litoral, dada a cantidade de produtos tóxicos para a vida que arrastran estas augas.

Os lodos e o encoro no seu conxunto é unha trampa mortífera para moitos seres vivos, en especial para as gaivotas que se pousan no lodo e logo quedan atrapadas, así como para outros animais que se atreven a cruzalo sen saber o perigo que corren, coñécense casos de animais que escaparon a tempo, pero quedaron seriamente queimados. Unha xigantesca trampa de case 100.000 m², preto dunha ampla zona habitada, non so é un perigo para as aves e animais de calquera tipo, senón tamén para as mesmas persoas.

Tendo en conta que na resolución da autorización da planta industrial que data de 25 de setembro de 1973 se di: "los lodos rojos se almacenarán por procedimientos que garanticen la inexistencia de riesgos de contaminación de aguas superficiales o subterráneas o peligro para personas o bienes", a Empresa infrinxe totalmente esta condición, polo que a Delegación Provincial do Ministerio de Industria, Sanidade, e a Consellería encargada de Medio Ambiente na Xunta de Galiza, deberían tomar as medidas oportunas para que se solucione canto antes este problema.

Ramón Varela Díaz. Biólogo.

Secretario Xeral de ADEGA.

Artigo publicado en "El Progreso" o 2 de xullo de 1981, na páxina 13.



ALCOA leva 30 anos desenvolvendo a súa actividade no Norte de Lugo, en San Cibrao (Xove).

directamente a auga de choiva e sempre retidos por unha presa que a industria considera estábel, pero que, en realidade, debido a súa natureza, é relativamente fráxil (non son precisamente de formigón), polo que non sería raro que puidese sufrir fisuras e gretas, e non se poden descartar totalmente sucesos como o acaecido en Hungría.

A multinacional ALCOA (Alumina-Aluminio), verte no encoro próximo á industria a un ritmo de case 3.000 toneladas/día de lodo, o que representa un volume anual que supera o millón de toneladas. O encoro cada vez ocupa maior espazo e na actualidade xa son decenas de millóns de toneladas de lodo nun lugar elevado sobre o nivel do mar que ten 78 hectáreas e alcanza 70-80 m de profundidade nalgún punto.

ADEGA tivo sempre preocupación polo tema dos lodos vermellos, en particular pola contaminación que xeraba o seu almacenamento, pero a industria e os organismos públicos non se fixeron eco das súas peticións. Proba da preocupación é que xa en 1981 o periódico publicado na cidade de Lugo "El Progreso" recollía baixo o título "Os lodos vermellos da Alumina" un artigo do Secretario Xeral de ADEGA que paso a reproducir tal como foi publicado na anterior páxina.

A situación apuntada no artigo do ano 1981 quédase pequena comparada coa que temos hoxe no ano 2010, xa que de 100.000 m² de encoro inicial, xa pasaron aos 780.000 m² e segue aumentando porque a industria quere seguir utilizando o encoro moitos anos máis. Precisaríamos polo tanto e, cando menos, que :

- A Unión Europea considere aos lodos vermellos como residuos perigosos e cambie a lexislación para tal fin. Como consecuencia debe analizar a viabilidade ambiental desta forma de "eliminar os vertidos".
- A Xunta de Galiza debe inspeccionar os vertidos da Alumina e ten que garantirnos que nunca se vai orixinar un suceso como o de Hungría. Debería estar interesada nun cambio de lexislación dentro da UE ou nunha normativa galega específica.
- A industria de aluminio, e en concreto Alumina, debe buscar alternativas distintas das actuais para des-

ALÚMINA de San Cibrao
Información do rexistro de emisións PRTR
Os lodos vermellos son só un dos problemas ambientais

Consumos (ano 2008)	Información non dispoñíbel	
Perfil ambiental (ano 2008)	Información non dispoñíbel	
Emisión á atmosfera (ano 2008)	Dióxido de carbono	1.090.000 Tm
	Monóxido de carbono	1.110 Tm
	Óxidos de nitróxeno	3.070 Tm
	Dióxido de xofre	4.490 Tm
	Mercurio	406 Kg
	Partículas	309 Tm
Vertidos a auga (ano 2008)	Cadmio, cobre, mercurio, níquel, zinc, fluoruros...	
Residuos non perigosos (ano 2007)	1.051.693 toneladas, dos cales son lodos vermellos: 1.030.000 Tm	
Residuos perigosos (ano 2007)	8.340,5 Tm	



distrito xermar

facerse dos vertidos, seguir vertendo e aumentando a altura do encoro é potenciar un posíbel risco. As alternativas deben ir polo camiño de diminuír a xeración de lodos vermellos e ademais as solucións deben estar en consonancia coa protección do medio ambiente e sostibilidade ambiental.

A industria debería apostar polo reciclado dos lodos vermellos, na medida do que tecnicamente sexa posíbel, que é moito. En Australia, por exemplo, utilizan os lodos vermellos para filtros de augas residuais, en Alemaña para construción...

Tamén somos conscientes que ALCOA e as multinacionais do aluminio

poden solucionar facilmente o problema dos lodos vermellos se, de verdade, estivesen interesadas ou preocupadas polo ambiente. Pero moito nos tememos que, se a lexislación non lles obriga a modificar as súas prácticas, no futuro os residuos volverán ser noticia en calquera punto de Europa ou do Planeta, como agora en Hungría e unha vez máis os custes económicos e sociais da contaminación e degradación ambiental e mesmo humana pagarémolos todos, iso si, grazas á inoperancia e conivencia (activa ou pasiva) dos poderes políticos.

* Ramón Varela Díaz é Catedrático en Bioloxía e foi Secretario Xeral e Presidente de ADEGA.

O INTELIXENTE é USAR a ENERXÍA,

NON GASTALA.



É tan doado como
manter a calefacción
a 21°C ou utilizar lámpadas
de baixo consumo. Porque
os pequenos xestos son
os que aforran enerxía.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO

IDA E Instituto para la
Diversificación y
Ahorro de la Energía

Plan E

Plan Español para el Cambio de
Sistema Energético



aforra
enerxía

UNHA HISTORIA DE AGRESIÓNS QUE DEBE REMATAR

Daniel López Vispo*

O TERRITORIO: UN VALOR SOCIAL

Cando reflexionamos sobre un territorio tan singular coma o de Galiza debera resultar evidente que a súa conceptualización semántica non pode limitarse á de ser un simple soporte físico da actividade humana; senón que terá que ser sobre todo entendido como un complexo ecosistema de interaccións de todo tipo no que interfieren natureza e sociedade, cada cal, á súa vez, con todas as súas respectivas complexidades. Compatibilizar estas interaccións que conviven e compiten sobre o territorio é, no mundo mercantilizado e globalizado de hoxe, non só un reto, senón unha incitante necesidade para a subsistencia da vida e da civilización.

A primeira consideración a ter en conta en calquera política de ordenación do territorio con criterios de sustentabilidade debe ser a rede complexa de relacións ecolóxicas en competencia polo espazo e os recursos da vida que, a súa vez, compiten coa depredación da actividade humana deses mesmos recursos e espazo físico. Isto supón que se poñemos en perigo a natureza e a diversidade de formas de vida, ao mesmo tempo, ameazaremos a nosa calidade de vida e o futuro mesmo da civilización. A alimentación, os recursos de auga, a calidade do aire ou, en fin, a salubridade do medio son servizos imprescindibles para a vida que dependen directamente desa natureza coa que compartimos territorio.

Na Galiza, desde unha perspectiva á vez histórica e de futuro, cómpre aínda engadir unha segunda consideración. Nunha sempre permanente tensión de equilibrio co medio natural, a ocupación do territorio evolucionou dun xeito moi singular: todo un conxunto de relacións sociais, culturais, históricas e de patrimonio deixaron a súa marca nunha cultura e nunha economía do rural e do mar moi achegadas á natureza, afectando tamén ás nosas vilas. Esta proximidade do territorio galego ao medio natural, -aínda ben enraizado na nosa cultura

popular-, constitúe sen dúbida un sinal de identidade que non deberíamos renunciar a conservar, como valor de conexión social, pero tamén como recurso económico.

AS VELLAS AGRESIÓNS: O PERÍODO FRANQUISTA

Nunha economía alimentada basicamente pola produción do medio rural, o territorio tiña uns usos, predominantemente, agrario e forestal, que prevalecían sobre calquera outros, mesmo

“A proximidade do territorio galego ao medio natural é un sinal de identidade que non deberíamos renunciar a conservar”

tamén nos contornos urbanos de vilas e cidades. En efecto, o indispensable abastecemento da poboación, cuns mercados de produtos perecedeiros e de curto percorrido daban a este solo un valor económico que dificilmente podía ser compensado por outros usos. A contundencia da loita pola defensa da terra

do século XX contra as repoboacións forestais e a usurpación do monte polo Patrimonio Forestal do Estado nos anos 50, ou en contra dos primeiros encoros nos anos 60 e 70, ten moito que ver con este valor económico, social e cultural da terra, profundamente arraigado na conciencia popular. Estas son as primeiras agresións graves contra a tradicional ordenación do territorio en Galiza. Daquela, o Estado español necesitaba de materias primas, pero tamén de recursos enerxéticos cos que transformalas e déronse as concesións para o aproveitamento hidroeléctrico integral de practicamente todas grandes bacías galegas (Miño, Sil, Ulla, Navia, Limia ou Lérez). Así, os nosos mellores vales fluviais, ata entón fonte privilexiada de recursos alimentarios, foron violentamente transformados en lagoas encoradas para a produción de enerxía eléctrica¹.

Por outra banda, a política de repoboación forestal promovida nestes mesmos anos, coa escusa do “progreso” e a “modernización”, promovida polo extinto Patrimonio Forestal do Estado, tamén trouxo graves repercusións sociais e territoriais. As grandes extensións de monte que até entón serviran de apoio á produción agraria e gandeira e como insubstituíveis refuxios de biodiversidade, foron tornadas (case sempre grazas á represión administrativa e da Garda Civil) en monocultivo de especies forestais de crecemento rápido para beneficio exclusivo da industria da pasta de papel.

Ao tempo, chegaban os chamados Plans de Desenvolvemento Agrario que impulsaban as concentracións parcelarias, os regadíos e os plans de colonización de terreos “baldíos”. O desecamento da Lagoa de Antela na Limia, na provincia de Ourense (1960-1965), e as obras de colonización da Terra Chá (1956-1980), co desecamento das Lagoas de Cospeito, na provincia de Lugo, son exemplos destas nefastas actuacións sobre o territorio e o ambiente.



Canon do Sil, medio seco polas obras do encoro de Santo Estevo.

A partir de 1973, a concentración parcelaria toma impulso coa promulgación da Lei para a Reforma e o Desenvolvemento Agrario, promovendo grandes cambios nos usos do solo e na ordenación do rural e favorecendo a deforestación e a uniformidade de cultivos e de paisaxe. Estes procesos negativos para o medio natural e o patrimonio cultural aínda se están a dar a día de hoxe a pesares da actual lexislación autonómica e de toda a lexislación de avaliación de impacto ambiental.

Nos anos 60 e 70 abríase a porta a outro instrumento de destrución territorial que, ademais, reafirmaría a función colonial da economía galega, desenvolvendo en Galiza tan só a parte máis contaminante de todo o ciclo produtivo. Trátase das industrias extractivas e de enclave. É o caso de celulosas de Pontevedra (1976), que deu lugar á explosión do monocultivo do eucalipto por toda a xeografía do país. Así mesmo a minería a ceo aberto para a obtención de áridos ou de materiais para a construción, cuxa lei de 1973 está aínda vixente. Porén, a partir dos anos 80 é cando se comeza a estender a minería por todos os montes

“As grandes ameazas do territorio galego no século XX foron os macro-encoros, os monocultivos no monte, as concentracións parcelarias, a desecación de humedais, e as industrias extractivas e de enclave. Baixo novas formas mantéñense hoxe en día”

galego, sen practicamente control administrativo e con escaso respecto polo patrimonio natural e a propiedade da terra. Esta actividade concentrouse especialmente na contorna de O Porriño, para a explotación de granito, e nos concellos da Comarca de Valdeorras e do Courel, para a extracción de lousa ornamental. Actualmente, esta actividade desenvólvese, a maioría das veces, ao marxe da lexislación, permitíndolle o total deterioro de solo, de espazos protexidos e a destrución de canles fluviais.

As infraestruturas do transporte tamén comezan a proliferar nestes anos de despegue económico do Estado, mais



Desde os anos 50 o eucalipto estendeuse por toda Galiza co apoio das distintas Administracións públicas.

entón de moito menor impacto, ata case entrados os anos 80.

En resumo, o despegue económico no Estado a partir dos anos 60 deitou grandes e moi graves impactos sobre a poboación, o territorio e o ambiente, que viñeron a reforzar o papel dependente da


“A pesares de termos a debate as DOT, o POL ou os Plans hidrolóxicos, a Xunta está a promover proxectos alleos a estes marcos legais. Son exemplos a piscifactoría de Touriñán, a ponte sobre a ría de Noia, a mina de andalucita nas Pontes...”

economía galega en relación a do Estado, e que aínda hoxe seguimos pagando.

AS NOVAS AGRESIÓNS: DÚAS DÉCADAS DE AUTONOMÍA

Coa chegada da autonomía a Galiza o goberno galego acada a total transferencia das competencias na ordenación do territorio. Porén, isto apenas ten suposto outros cambios que non fosen os de engordar os expedientes administrativos con alegacións que de nada serven. Mantéñense as ameazas e as practicas de antes, só que debaixo de novas formas e co agravante dunha Administración cunha capacidade económica sen precedentes, grazas aos fondos de compensación europeos. Ao impacto dos proxectos privados, engádense os impactos dun investimento público carente dun modelo de futuro.

Así pois, xa non se promoven grandes encoros (aínda que continúan as ameazas do Sela e do Navia); pero coa



A economía ambiental pon de manifesto a incidencia da esfera económica sobre o capital natural e como unha economía depredadora, e de forma acusada as economías colonialistas, poden acabar por destruír este e tamén o futuro dun pobo.

escusa da promoción das enerxías renovábeis ou de obras de regulación (encoro de A Baxe, no Umia, ou de Touro e Brandariz, no Ulla), o negocio hidroeléctrico ameaza con converter a todos os ríos nunha cadea de pozas encoradas, leitos sen auga e canles de derivación sen máis límite que o da súa rendibilidade económica, facendo valer incluso concesións caducadas dos anos 60 (ríos Ulla e Lérez).

Tampouco se desecan lagoas, mais permítese (a pesares da lexislación) a ocupación das zonas inundábeis e das beiras dos ríos con recheos, infraestruturas, polígonos industriais e urbanizacións, provocando graves impactos ambientais e catástrofes de moi difícil reparación (asolagamentos, contaminación química dos ríos -accidente de Brenntag-, etc.).

Tampouco hai plans de colonización, porén, aumentaron os proxectos de concentración parcelaria, incluso en zonas onde apenas quedan explotacións agrarias, sen que en nada mudase o seu deseño e realización, resultando grandes zonas de bosque autóctono totalmente deforestadas e de graves impactos sobre o solo e o ciclo da auga, ao provocar un notábel incremento da escorrentía superficial coa correspondente redución da infiltración de auga no solo.

A pesares de teren desaparecido os plans de repoboación forestal e de non levarse a cabo a construción de novas plantas de celulosa en Noia, Negreira, Muros, Ponteceso, Foz e outras, grazas á mobilización social e política, a Administración seguiu favorecendo o monocultivo do eucalipto mediante subvencións públicas, que derivaron no abandono do rural, na reforestación de terras agrarias, e no incremento dos riscos de incendio e dos custos da loita contra o lume.

Xa non chegan novas industrias a Galiza, perdemos toda a industria familiar vinculada aos nosos recursos natu-

Ramsés Pérez



A pesar da catástrofe ambiental do Prestige, Galiza aínda non dispón de porto refuxio.

“Cámbiase o Plano Acuícola en favor dos promotores, anúnciase a recuperación dos proxectos hidroeléctricos paralizados polo bipartito; múdase a Lei do Solo para facilitar a especulación; elaborase unha Lei Eólica para devolver a explotación do vento ás grandes empresas do sector; e apóstase novamente polas autoestradas e pola incineración...”

rais (conserva, carne, leite,...), sufrimos un brutal desmantelamento industrial a cambio da entrada de España no Mercado Común. No obstante, con isto non reducimos a contaminación, nin os problemas de ordenación do territorio, nin os riscos a ela asociados. A refinaría de Repsol na Coruña segue a ser un perigo permanente para a poboación. Non contentos, creamos novas ameazas como son os depósitos de combustíbel do Ferreiro, no porto de Vilagarcía (cunha licenza anulada por decisión xudicial

que a Xunta non quere aplicar), ou a planta de REGANOSA no interior dunha ría de difícil entrada e densamente poboada. Seguimos sen contar con zonas de refuxio fronte a accidentes como o do Prestige, pero apostamos por ter dous portos exteriores, un ao lado do outro, en Ferrol e A Coruña, sen que importe moito cales vaian ser os seus usos.

O PANORAMA ACTUAL: A VOLTA DO PP

A este cadro de impactos no territorio hai que engadir novos problemas que ignoran a lexislación proteccionista² e que están relacionados coa xestión dos espazos naturais protexidos, co urbanismo, coas infraestruturas do transporte e con todos os demais plans sectoriais: eólico, hidroeléctrico, acuicultura, minaría, residuos, saneamento, etc.

É xusto recoñecer os catro anos de alívio que supuxo o goberno bipartito para a ordenación do territorio, coa suspensión de novos aproveitamentos hidroeléctricos, a anulación de numerosos proxectos urbanísticos ou co impulso dunha nova cultura cara os espazos protexidos e de Rede Natura (rexeitamento á piscifactoría de Touriñán, anulación da ponte de circunvalación sobre a ría de Noia, oposición á mina de andalucita de As Pontes, etc.). Pero a situación actual non permite albergar esperanzas de mellora. A pesares de termos a debate o proxecto de Directrices de Ordenación do Territorio, da Ordenación do Litoral ou do novo Plano Hidrolóxico de Galiza-Costa, o goberno da Xunta está a promover cambios legislativos e a

ecocelta[®]
Biolabonizante y gestión ambiental

Apto para uso en Agricultura Ecolóxica
Regulamentos (CE) 853/07 e 883/08

www.ecocelta.com

Tfños: 986 645 487 685 891 144



Desmorte por mor do porto exterior de Ferrol, hoxe apenas utilizado.

anunciar proxectos que veñen a demostrar que tal debate responde tan só a un trámite de obrigado cumprimento. Recupérase a vontade de poñer a andar proxectos desbotados como o da piscifactoría de Touriñán, a ponte sobre a ría de Noia, ou a mina de andalucita nas Pontes, sen agardar polo Plano de Protección do Litoral ou polos Plans de Ordenación da Rede Natura; modifícase o Plano Acuícola, pero non para protexer os espazos afectados, senón para permitirlles aos promotores acceder á propiedade do solo; anúnciase a recuperación dos proxectos hidroeléctricos paralizados polo bipartito, obviando as irregularidades observadas na avaliación ambiental ou no outorgamento das concesións ou sen sequera agardar a tramitación do novo Plano Hidrolóxico; múdase a Lei do Solo para dar maiores facilidades á especulación urbanística, rebaixar proteccións e entregar novas categorías de solo á actividade mineira, ao tempo que se pretende a retirada de contenciosos administrativos contra a urbanización ilegal ou se promove un Plan Sectorial para a legalización de toda arbitrariedade urbanística do Concello de Barreiros; elaborase unha Lei Eólica para xustificar a anulación do concurso de megavattios anterior e devolver a explotación do vento ás

“É o momento de traballar por nun amplo consenso social que corrixa os impactos e poña a Ordenación do Territorio ao servizo dunha Galiza sostíbel”

grandes empresas do sector; alardéase de grandes medidas contra o cambio climático, pero seguimos apostando pola construción de novas autoestradas, polo AVE e pola tricefalia aeroportuaria, sen sequera facer referencia á recuperación do ferrocarril e á promoción do tren de proximidade; volvemos a apostar pola incineración coa construción dunha nova planta para o Sur, abandonando a compostaxe á vontade dos concellos e entidades supramunicipais.

PACTO SOCIAL POLO TERRITORIO

A situación do territorio é especialmente crítica para os espazos protexidos e para o conxunto do litoral que, a pesar do Plan Sectorial de Ordenación en tramitación, vai quedar a disposición do que dispoñan os demais planeamentos sectoriais.

De continuar sometidos aos intereses inmediatos da especulación non habrá outro futuro que o de seguir

empobrecendo o país, coa perda de recursos ambientais e naturais, de patrimonio, e coa dilapidación de cartos públicos para a corrección e compensación de diversos desastres, agravando a actual situación de crise económica. Aproveitando o debate público sobre as Directrices de Ordenación do Territorio, este debiera ser o momento de traballar xuntos, nun amplo consenso social que corrixa os impactos citados e que poña a Ordenación do Territorio ao servizo dunha Galiza ambientalmente sostíbel e socialmente integrada. Este debiera ser o momento dun PACTO SOCIAL POLO TERRITORIO fundado sobre os principios que xa en 1983 recollía a Carta Europea de Ordenación do Territorio. É o tempo, é a nosa oportunidade. Que non falte a vontade.

Notas:

1. Dos anos 50 e 60 son todos os grandes encoros construídos nos ríos galegos e fronte aos que se resistiu a poboación, -a pesar da represión franquista-, deixando abondosas mostras do valor económico, social e sentimental da terra. Algúns casos: Castrelos do Miño (1960-1969), Belesar (1957-1963) ou Porto de Mouros (1968). Hoxe en día aínda perduran as ameazas dos grandes encoros do Sela, no baixo Miño, e do Gran Suarna, no río Navia, actualmente en tramitación.
2. As ameazas continúan a pesar da lexislación proteccionista das últimas décadas: Lei de Augas (1985), Lei de Impacto Ambiental (1986), Lei de Costas (1988), Normas Subsidiarias (1991), Directiva Hábitats (1992), Lei de Ordenación do Territorio (1.995), Lei de Conservación da Natureza (2001), Lei do Solo de Galicia (2002), Lei para a Defensa e Protección dos Ríos de Galiza (2006) ou a Lei da paisaxe (2008), etc.

* Daniel López Vispo é o vogal de Ordenación do Territorio e Urbanismo de ADEGA.

o-dezaseis
• Casa de Xantar •
Rúa de San Pedro, 16
15703 Santiago de Compostela
Tfno: 981 577 633
www.dezaseis.com

O URBANISMO NA GALIZA. DE ONDE VIMOS E CARA A ONDE IMOS

Fernando Adolfo de Abel Vilela e Froilán Pallín Seco*

*Recorda o profesor Tomás Ramón Fernández, na súa xa clásica obra *Manual de Dereito urbanístico*, unha cita do libro branco inglés *Land*, cal é o quicio do fenómeno urbanístico como feito de relevancia social e económica. Sen reproducila na súa integridade, chega a referencia á súa primeira frase: "de todos os recursos materiais dos que se pode dispoñer nestas illas, o solo é o único que non se pode incrementar". Evidentemente, a afirmación é esaxerada, mais non por iso deixa de ser certa. O urbanismo no Estado español ten tornado nun problema nos tempos modernos, a partir da época do "desarrollismo" económico, un problema ao que non somos alleos na Galiza e que, coma se fose unha árbore perversa, veu desenvolvendo ramificacións diversas, mesmo penais. E na base do problema está a concepción do solo como un produto susceptible de ser transformado sen outros condicionamentos que a definición dun proceso pouco menos que industrial. Pretendemos neste breve escrito reflexionar acerca do tremendo erro que tal entendemento supón e sobre as súas gravísimas consecuencias.*

Partamos da idea de que resulta certamente rechamante que nun país como o noso, no que tras o Prestige aínda se podían ver carteis que anunciaban os procesos de concentración parcelaria a desenvolver cos cartos quentes do petróleo, non teña suposto trauma algún o enganche dos últimos anos no tren dos procesos urbanísticos salvaxes. A modernización e racionalización, máis ou menos acertada, da estrutura produtiva da terra é un proceso que nin se pechou, nin se pechará. A posta en marcha do Banco de Terras na anterior legislatura veu acompañada de acusacións desde a dereita de que isto acabaría sendo un sistema leninista de propiedade centralizada. Porén, nin unha palabra verbo da importación ao país do modelo urbanístico levantino. A conclusión non pode ser outra que o desprezo absoluto polo uso do solo na súa vertente natural/racional/tradicional, e a aposta pola súa transformación para un uso finalista que, entre outros detalles, implica botarlle o peche definitivo a unha forma sostíbel e de inmenso potencial de xeración de riqueza.

A Lei urbanística estatal do ano 1956 foi a primeira normativa urbanística existente no Estado español que se pode reputar moderna. Tecnicamente, hai unha opinión bastante xeralizada de que a norma era boa, de que veu a poñer

unha certa orde aló onde ata entón a técnica regulatoria apenas tiña entrado. Trala sentenza constitucional de 1997, que lles atribuíu ás Comunidades Autó-

"O problema de base é unha eiva coma un mundo na conciencia colectiva sobre a importancia do solo como soporte sustentábel do país"

nomas a competencia exclusiva en materia urbanística, agás no relativo ao dereito de propiedade, expropiación forzosa e valoracións, estas asumiron nun primeiro momento, e en boa medida, os postulados da normativa estatal de 1956, tamizados polas sucesivas reformas. Probabelmente unha parte do problema radique aquí, na orixe das novas e actuais normativas. Se comparamos a Lei galega vixente, 9/2002, coa lei estatal de 1956, apreciaremos que a estrutura do sistema permanece intacta. Cómpre reflexionar se, chegados a este punto, non sería conveniente que se partise dunha folla en branco e do estudo de diversos sistemas comparados para definir as regras de xogo que teñen que operar no país.

Mais isto, sería moito pedir. No seu lugar, a calidade da regulación urbanística en Galiza non fixo máis que caer en picado nos últimos tempos, chegando ao que nós nos permitimos chamar o *círculo deprimente*. Cando se representa cun bolígrafo ese círculo, o bolígrafo pousa sobre o papel do mesquiño e manipulador secretismo da planificación supramunicipal –Plan do Litoral e Directrices de Ordenación do Territorio–, da escasa porcentaxe de planificación, e da precariedade de medios dos concellos para a Xestión urbanística, segue pola entrega das súas competencias disciplinarias a unha Axencia de Protección da Legalidade á que lle foi aniquilado o seu estatus de independencia funcional, continúa polo descontrol en materia de solo rústico a través do relaxamento do réxime de limitación sobre o mesmo, pasa polo papel secundario do público na iniciativa urbanística, coa inqueda presenza desa figura atroz do axente urbanizador, e pecha no impagábel exemplo dos Barreiros da vida ou dos milleiros de vivendas ilegais en Vigo.

En calquera caso, se ben resulta doado desenvolver estes argumentos do *círculo deprimente*, non o é tanto identificar por que temos chegado a esta situación. Pouco se pode facer por mellorar se o problema de base é unha eiva

como un mundo na conciencia colectiva sobre a importancia do solo como soporte sustentábel da forma de vida do país. O pase polo Dereito penal da actividade urbanística a nivel español ten producido unha especie de fatalismo perigosísimo, segundo o cal a cidadanía parece conformarse con que, de cando en vez, alguén entre na cadea. O malo, claro está, é que o feito urbanizador e construtivo resulta ser escasamente reversíbel. Ademais, esta perspectiva penal implica de feito o desvío doutro debate transcendente como é o do solo como soporte de infraestruturas e de xeración de enerxía, temas nos que neste momento "keynesiano" está o choio e que, polo tanto, son os que verdadeiramente lle importan aos gobernantes.

Así, bótase de menos un debate social serio e ponderado sobre asuntos como a alta velocidade ferroviaria, asumida dende o papanatismo a modo de panacea que nos vai sacar de pobres, coma se fôsemos a botar media vida montados no "tren bala". Nin unha palabra, porén, sobre a efectiva posta en marcha do mercado liberalizado do transporte de mercadorías por ferrocarril, que tantas emisións evitaría, ou de que os de Lugo sigamos sen poder coller un tren a Compostela. E non falemos xa do asunto da enerxía. O coitelo das minicentrais volve a estar aguzado sen que a opinión pública teña a menor idea do que iso implica, sen saber o que é un caudal ecolóxico, do mesmo xeito que parece non xerar o máis mínimo quebranto a inexistencia dunha planificación que garanta que os nosos montes non acaben cheos de chatarra eólica tras os sucesivos ciclos de vida dos muíños. Nótese polo lector/a que, en todo caso, estamos a falar do mesmo, do solo como sustento da nosa forma de estar, de vivir e mesmo de entender o país.

Ramés Pérez



Que podemos facer fronte semellante acumulación de despropósitos? Desgraciadamente, cómpre ser pesimistas en canto ás reformas legais, pois non hai reforma legal que valla e que afecte a unha materia socialmente crucial sen que a mesma non dispoña, máis aló do necesario apoio parlamentario, dun verdadeiro sustento social tras de si. A mellor proba do que se acaba de dicir foi, na legislatura anterior, a famosa "Lei dos 500 metros". O efecto inmediato, que foi deter a sangría, acadouse coa impagábel colaboración da autoinmolación por voracidade de bancos, promotores e políticos corruptos. Mais sería ben difícil atopar entre nós a quen non teña asistido a unha conversa na que alguén identificase esa medida como a causante da caída en desgraza do país.

Exercer nesta materia a pedagogía pode resultar demasiado complicado, pois a mensaxe resulta ser practicamente antisistema. Confiemos, no obstante, en que se aveciñan tempos nos que a posta en valor dos recursos naturais, nomeadamente o solo, pasará necesariamente polo seu aproveitamento racional e natural, e deixemos aquí unha idea para a reflexión: do mesmo xeito que se limita a posibilidade de desenvolvemento urbanístico de solos que foron queimados, cómpre impulsar unha limitación do mesmo tipo en espazos territoriais sobre os que se desenvolvan actividades agrarias e gandeiras. Non falamos de protexer o solo rústico, de limitar a propiedade do mesmo, senón dunha opción de planificación que vai máis aló. O efecto dunha política legislativa deste tipo non pode senón resultar positivo pois, ao impulso tan necesario do sector primario, unirse a perspectiva de que troquemos o caos como forma de vida pola posta ao día en termos sociais e económicos, da nosa tradicional maneira de asentarnos no territorio e de empregalo como espazo de convivencia e subsistencia.



**EQUIPAMENTO DE
EDUCACIÓN AMBIENTAL
ALBERGUE TURÍSTICO RURAL
ACTIVIDADES PARA A
EDUCACIÓN AMBIENTAL
E A SOSTIBILIDADE**

BREANCA – DOROÑA
15615 VILARMAIOR (Pontedeume)
A CORUÑA
info@alvarella.com
www.alvarella.com
Tfnos.: 648 925 134
981 784 563



* Fernando Adolfo de Abel Vilela é Profesor titular de Dereito Administrativo na Universidade de Santiago de Compostela e Froilán Pallín Seco é Secretario xeral de ADEGA.

NOVOS INSTRUMENTOS PARA POLÍTICAS CADUCAS

Fins Eirexas*

A finais deste ano a Xunta ten previsto aprobar definitivamente as Directrices de Ordenamento do Territorio (DOT), o suposto novo marco para unha planificación territorial sustentábel. Un feixe de informes e determinacións para deseñar un país virtual que baten coa realidade das políticas que a Xunta está a executar no territorio: "flexibilización" da Lei do Solo, dismantelamento do chan rústico protexido, amnistías e convenios urbanísticos *ad hoc*, continua "deconstrución" da cativa rede de espazos naturais... Unhas DOT que, xa que logo, nacerán mortas por renunciar a intervir sobre as principais causas e consecuencias da actual degradación do territorio, mentres as planificacións caducas e insustentábeis responsables desa degradación consolidanse da man da actual Xunta.

Esta renuncia a revertir os desaxustes e impactos derivados dunha caótica planificación territorial lexitima a política de "terra queimada" vivente durante anos neste país. Para evitar iso, e á marxe da estratexia perversa de presentar publicitariamente normas baleiras mentres se modifican á calada leis para "flexibilizar" determinadas actuacións, desde ADEGA quixemos exercer a nosa responsabilidade achegando propostas, conscientes de que o noso territorio merece ser tratado con máis respecto que até o de agora.

Neste senso, comezamos propoñendo que as DOT inclúan tamén actuacións destinadas a revertir os impactos e sinerxías negativas das planificacións insustentábeis pasadas e presentes. En coherencia, as DOT deberían comezar por suspender a execución dos instrumentos de planificación supramunicipal (Planos Sectoriais e Planos Territoriais Integrados) actualmente vixentes, vehículos principais de moitas desfeitas sobre o territorio.

Unhas DOT tampouco deberían adoeecer de miopía a respecto do noso patrimonio natural e a súa protección como recurso insubstituíbel, pois é este o marco no que desenvolvemos moitas das nosas actividades e que partillamos cos demais seres vivos. E un dos factores determinantes da perversa relación co territorio é a inexistencia dunha rede de espazos prote-



Faro de Cabo Touriñán.

xidos acorde coa diversidade natural do país e a falla de instrumentos para garantir a súa conservación. Por iso dende ADEGA propuxemos o alongamento con carácter previo á aprobación das DOT da rede de espazos naturais protexidos, comezando pola Rede Natura 2000 –como mínimo nos termos da proposta elaborada pola Xunta en 2007–, a definición das figuras de protección da paisaxe contidas na Lei 7/2008 da Protección da Paisaxe de Galiza e o cumprimento da lexislación que obriga a desenvolver os instrumentos de xestión dos espazos protexidos.

Outra das principais eivas observadas por nós nestas DOT deriva da submisión das políticas públicas ao dogma das infraestruturas de comunicación. As DOT consolidan un modelo baseado no transporte por estrada concretado no Plano MOVE, ao tempo que renuncian a desenvolver o ferrocarril de proximidade. Ter como obxectivo que o 80% da poboación fiquen a menos de 20 minutos dunha vía de alta capacidade, aumentando esta rede até os 2.300 km, oponse á Estratexia Europea de Desenvolvemento Sustentábel e contradí as recomendacións da Estratexia Galega contra o Cambio Climático 2010–2020. De paso, fosilizáanse inmensas cantidades de recursos públicos (4.000 millóns de € só o Plano MOVE). A alternativa non é poñer unha autoestrada a 20 minutos de cada casa para poder ter dereito aos servizos co conseguinte

impacto ambiental, e menos nun país con alta dispersión poboacional, senón achegar estes á xente xerando proximidade. Para iso, cumpriría inserir as necesidades de mobilidade no deseño habitacional e reducir fortemente a demanda do transporte, favorecendo a intermodalidade, o transporte colectivo e o ferrocarril de proximidade, propostas todas ausentes nas determinacións destas DOT.

Concretamente sobre os camiños de ferro, as DOT volven priorizar o desenvolvemento da rede de alta velocidade en detrimento da convencional, evidenciando o discurso demagóxico do conselleiro sobre a aposta da Xunta pola creación dun Ente ferroviario galego. Esta falla de compromiso das DOT co tren de proximidade, fica evidenciada ao renunciar á conexión do sistema de cidades entre si (o esquecemento da liña Santiago-Lugo é revelador), e amosa que outra volta, o caduco modelo "radial" centralista, agora de alta velocidade, está detrás destas DOT.

En definitiva, de aprobarse nestes termos o documento presentado consolidarase o ue incumpren as normas, lexitimárase o saqueo dos espazos e recursos naturais a través de Planos Sectoriais á carta, e encherase o país de máis estradas mentres se "deconstrúe" o noso patrimonio protexido.

* Fins Eirexas é Secretario executivo de ADEGA.

O CAMIÑO DE FERRO E A PLANIFICACIÓN TERRITORIAL

Xosé Carlos Fernández Díaz*

De todos é sabido que as grandes infraestruturas urbanísticas, de abastecemento de augas e depuración das residuais, comunicación telefónica, por radio ou satélite, produción e subministración de enerxía eléctrica e de gas, transportes terrestres, marítimos ou aéreos... precisan moitos anos, mesmo décadas, para se desenvolver. Igualmente coñecemos os limitados mandatos de goberno –catro anos– das institucións estatais, autonómicas ou locais encargadas de levalos adiante.

As infraestruturas precisan dunha planificación que dea unha visión xeral aos problemas que cómpre dar solución, e despois uns longos períodos de proxectos e de obras, comunmente divididos en fases, que alongan aínda máis os períodos de dispoñibilidade, cando non se demoran por escaseza financeira.

A impaciencia das xentes, mediatazada coa venda política de prazos marcados polos procesos electorais, son ini-

migos acérrimos ou, cando non, letais, para o logro dunhas boas infraestruturas, construídas de modo eficiente e en prazos razoábeis. É por iso que, ás veces, atopámonos con duplicidade de oferta, ou coa ausencia da mesma, con obras pagadas polo dobre do que deberían custar, e ata con obras inútiles que a ninguén aproveitan malia o custe económico, social e ambiental das mesmas. A oferta de prazos irrealis, por imposíbeis ou utópicos, é unha mal orde do día que serve para enfrontamentos partidistas, ou para custosos avances, cando hai que inaugurar porque se achegan as datas electorais...

Todo o anterior acontece habitualmente á costas do pobo e do control dos cidadáns, que confiados no bo facer –coitadiños – dos seus representantes, nin sequera poden exercer unha vixilancia mínima da marcha dos asuntos, pola opacidade que practican, en xeral, as Administracións e os cargos públicos dos diferentes niveis territoriais.

OS INSTRUMENTOS DE PLANIFICACIÓN TERRITORIAL

Desde hai tempo as Administracións estatal e autonómica promoven diferentes instrumentos de planeamento que afectan directamente o territorio da nosa Comunidade. Teñen que ver co urbanismo, cos espazos naturais a protexer, co desenvolvemento de comarcas rurais, coas áreas industriais ou loxísti-

“O Plan Estratégico de Galiza 2010-2014 non contempla ningunha medida para resolver deficiencias ferroviarias, nin se fixan prioridades ou obxectivos sobre as infraestruturas de transporte terrestre”

cas, co litoral... Algúns destes plans son efémeros, duran o que o conselleiro no cargo, ou cambian de obxectivo e de ámbito cada vez que muda o Goberno. Dá igual o tempo que se leve traballado nun plan ou os cartos gastados nel. Cada cambio de reitores políticos supón un golpe de temón, non vaia ser que se recoñezan méritos ou acertos aos gobernantes doutra cor política. Noutras verbas: estase a exercer un desprezo absoluto polos cidadáns e unha malversación de recursos públicos, goberno tras goberno.

Na actualidade, a Xunta está a encher as páxinas da súa web cunha morea de plans, e no campo do territorio e as infraestruturas non podía ser menos. A risco de esquecer algúns, podemos relacionar: o Plan estratéxico Galicia 2010-2014 (con 5 anos é estratéxico ou táctico?), as Directrices de Ordenación Territorial (máis de 15 anos en reflexión e elaboración), o Plan de Ordenación do Litoral, Impulsa Lugo, Impulsa Ourense, Plan Ferrol...; o Plan Agora, para o comercio; Parques eólicos 2010, o Plan Corrector(?) dos Camiños de Santiago, os plans de R.D. B.P. Agra-

distrito xermar



Autoestrada no Ferrol.



Estación de Cerceda/Meirama, por estas vías pasará o AVE Coruña-Vigo.

ria e Forestal que inclúe os Bancos de Terras e as UXFOR (Unidades de Xestión Forestal), en proxecto de ser reconvertidas en SOFOR (Sociedades de Fomento Forestal)...; o Plan de Xestión de Resíduos Sólidos Urbanos, o Plan MOVE (Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica), etc.

Estes plans, e outros do Estado relativos ás redes de enerxía eléctrica ou de gas, ás bacías hidrolóxicas, ás estradas e camiños de ferro (o PEIT), etc., inciden sobre o noso territorio. E o primeiro que deberíamos preguntarnos é: estarán coordinados uns cos outros? Prefiro non escoitar a resposta, porque cando tiveren que consultar cada un deles para redactar este artigo, ningún dos plans referidos falaba dos outros!

O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2010-2014

Existe outra pregunta, se cabe, máis importante: Os plans que teñen que ver coas infraestruturas de transporte terrestre (estradas, autoestradas, vías rápidas, camiños de ferro convencionais, liñas de alta velocidade...) e que determinan actuacións e melloras destas comunicacións teñen en conta obxectivos como a mellora da vida no rural, dos transportes escolares, das conexións cos polígonos industriais ou áreas loxísticas, o tráfico da nosa rede de portos...?

Pois agardo desde hoxe mesmo un desmentido da Xunta de Galiza, porque manifesto que, tras a lectura das "debilidades e ameazas" sobre infraestruturas e transporte, que se detectan na nosa Comunidade, o Plan Estratéxico de Gal-

cia 2010-2014 non contempla medida específica algunha para resolvelas, nin se fixan prioridades ou obxectivos sobre as infraestruturas de transporte terrestre.

Nas directrices que se propoñen para a ordenación do territorio neste plan "estratéxico" non hai unha soa que

"Tampouco as DOT mostran preocupación algunha polo desenvolvemento e crecemento da rede ferroviaria, ao que se lle dedica unha páxina. Só contemplan o incremento dos servizos ferroviarios nas liñas actuais"

explícite a mellora das comunicacións terrestres, cando ben coñecemos as carencias que nos afogan, por conexión na costa e por illamento no interior.

A sinxela mención aos programas de gasto de orzamento e aos programas sectoriais dos xestores da Administración autonómica é a "proba do nove" de que este "Plan Estratéxico" é un *bluff*, un globo que se enche co que se está (ou non se está) a facer no decurso cotiá das Consellerías.

O PLAN DIRECTOR DE ORDENACIÓN TERRITORIAL DE GALICIA

15 anos ten xa este mozo e aínda non acadou a maioría de idade para ser autorizado e presentado en sociedade.

Pensando ben, supoñemos que as premisas e obxectivos que se marcaron os nosos ancestros para a crianza desta ferramenta de planificación serían *aggiornados* en varias ocasións, pois os cambios acontecidos na nosa Comunidade en case todas as ordes sociais e económicas xa pouco teñen que ver coas de 1996, ano do "bautizo" do noso futuro PDOTEG.

Cando un proxecto de Plan leva nos despachos, nas oficinas das consultoras, nas comisións de estudo e asesorías 15 anos, ou se planificou moi mal, ou non sabemos cara a onde encamiñarnos, gastando un precioso tempo e substanciosos cartos. Mentres, os problemas que pretende solucionar o devandito plan persisten ou medran. Que non se lle ocorra ao actual Goberno escudarse nos tempos de mandato da Oposición. Os planeamentos transcendentales que duran lustros ou décadas teñen que contar co maioritario apoio do Parlamento e levarse a cabo, governe quen governe. Para isto é preciso negociar, acordar e, chegado o caso, pactar. Outro modo de proceder é defraudar aos cidadáns por irresponsabilidade política e por malversación ao erario público.

Pero, despois de 15 anos, é aínda máis preocupante observar o que nos mostra este proxecto de Directrices de Ordenación Territorial. Tras ler un vasto documento de 329 páxinas, chegamos á conclusión de que o territorio camiña só, que os diferentes espazos e comarcas que compoñen o país, ou non teñen problema algún de comunicación e de transporte, ou é que estes asuntos son considerados miudezas...

As determinacións relativas ás estradas e ás infraestruturas ferroviarias despáchanse nunha soa páxina para cada unha delas. Calquera poderá xulgar o "valor cuantitativo" (desprezo ou esquecemento?) que se lle dá ás vías de comunicación para axudar a ordenar, mellorar a vida dos cidadáns, facilitar a actividade das nosas empresas, protexer os nosos espazos naturais, ou promover o turismo nas zonas onde deba estar orientado.

PDOTEG E AS INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS

Como a Xunta de Galiza xa ten un Plan MOVE integrado, ou non, nestas directrices de planeamento sobre o territorio, e conta con suficientes empresas dedicadas ao transporte de

viaxeiros e de mercadorías por estrada, voume referir agora, cualitativamente, ás "determinacións relativas ás infraestruturas ferroviarias". Son unha recompilación desordenada e heteroxénea de medidas xa coñecidas e divulgadas en vinte foros, civís e políticos, desde hai anos, sobre o que non se está a facer ren. Concreto e matizo. O Estado central está a levar adiante un plan – o PEIT- non consensuado con ninguén, porque os gobernantes, logo de prometelo, non se atreveron ou non quixeron pasalo polo manto de bendicir das Cortes. Pois ben, neste Plan están recollidas tres actuacións que coinciden con tres determinacións do PDOTEG e son relativas ás liñas de alta velocidade, ás estacións intermodais e os accesos aos portos. Por tanto, están as Directrices do Territorio copiando o PEIT? A medida que con-

"Unha vez máis facemos castelos no aire, gastamos os cartos e perdemos o tempo"

templan é o incremento dos servizos ferroviarios nas liñas actuais, da rede de ADIF e da de FEVE. Se o goberno galego xulga insuficientes as infraestruturas ferroviarias, por que non está a esixir máis investimento na materia, e só se dedica a enfrontar as empresas estatais coas súas obrigas e responsabilidades?

Por outra banda, pensa alguén que unha determinación que manifesta "posta en servizo de medidas de seguridade dos pasos a nivel" debe formar parte dunhas Directrices de Ordenación Territorial? Porén, non se mostra neste Plan preocupación algunha polo desenvolvemento e crecemento da rede ferroviaria: Lugo- Santiago ou



Obras para o tren de alta velocidade no treiro Osebe-Padrón.

Lugo- Costa norte, a conexión entre os aeroportos ou os grandes polígonos industriais e áreas loxísticas. Do que si se preocupan é por "transformar en vías verdes" os percorridos que eventualmente quedasen fora de servizo.

Estando universalmente aceptada a carencia de boas comunicacións que está a sufrir o noso país, dubida alguén de que Galiza conte xa coa maior e máis variada rede de vías verdes, naturais e artificiais, que contan cunha lonxitude maior que a do perímetro do globo terráqueo (40.000 km)? En verdade, habería que preguntarlle á Xunta quen redacta estas determinacións, se coñecen Galiza, o seu medio, o seu hábitat poboacional, as súas características morfolóxicas e os seus ancestrais camiños e corredoiros. Que Directrices de Ordenación Territorial poden saír de quen non nos coñece?

E, para que non se me tache de negativo e de só ver os puntos negros das DOT, é honroso recoller as dúas

determinacións que conteñen aspectos positivos e novidosos:

- *Fomentarse a implantación de sistemas eficientes de transporte colectivo de proximidade nas rexións urbanas e nas áreas urbanas da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ferrol, Lugo e Ourense, adaptados ás súas necesidades.*
- *Estableceranse as medidas necesarias para reducir o impacto ambiental do ferrocarril, con especial atención á xeración de ruidos e á integración urbana e na paisaxe.*

Para rematar, preguntome se a Xunta ten algunha competencia en materia ferroviaria. A resposta é contundente: NON, grazas ás sucesivas cámaras parlamentarias e Gobernos que nos representaron e regularon nos 30 anos de Comunidade estatutaria. Así pois, serán estas directrices sobre comunicacións ferroviarias impostas ao Ministerio de Fomento? Ou polo menos, ¿vanse estudar ou negociar conxuntamente coa Administración do Estado? Una vez máis facemos castelos no aire, gastamos os cartos e perdemos o tempo. Como rapaces, ben intencionados, pero aloucadíños.

* FXosé Carlos Fernández Díaz é Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.

OS CRITERIOS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL E OS MONTES VECIÑAIS

Xosé Alfredo Pereira Martínez*

Os criterios de ordenación territorial do Partido Popular ao respecto o medio rural quedan reflectidos claramente no chamado documento de Directrices de Ordenación do Territorio (DOT). Teñen como obxectivos: que o medio rural quede destinado para actividades de turismo e de lecer, para goce das elites sociais, e que os montes veciñais en man común, -e demais terras rurais-, sexan dedicadas á actividade extractiva e á produción de cultivos enerxéticos. Estas actividades son agresivas para o medio e teñen un corte colonial (a explotación dáse na periferia e o valor engadido vai para a metrópole). É dicir, coas DOT, o Partido Popular (e os intereses económicos, especulativos e urbanísticos que o sosteñen) péchase totalmente á posibilidade de acadar un medio rural multifuncional e sustentábel; un medio rural con actividades diversas, emprego e fixación da poboación; un medio rural con dotacións e servizos; un medio rural vivo; en definitiva, un medio rural con futuro.

Para o PP (e para os intereses económicos, especulativos e urbanísticos que o sosteñen) que a cuarta parte do territorio galego, maiormente no rural, sexa monte veciñal en man común (MVMC) e que estas terras comunitarias sexan xestionadas democraticamente por uns 250.000 veciños e veciñas comuneiros é un problema que hai que eliminar. Que haxa un número importante de comunidades de montes que entenden que o futuro destes MVMC pasa polo logro dun monte axustado, en primeiro lugar, ás demandas dos veciños e veciñas comuneiros e, en segundo lugar, ás demandas da sociedade no seu conxunto, atenta contra os seus intereses e, xa que logo, hai que facelos desaparecer. A existencia dos MVMC dentro dun medio rural vivo impide levar adiante o obxectivo definido nas DOT: desertizar o medio rural. De aí que o primeiro paso a dar sexa a privatización dos MVMC.

UN POUCO DE HISTORIA

O intento do PP de eliminar a figura do MVMC vén de vello. E por desgraza, conta con aliados entre as entidades

relacionados co monte. É pois de xustiza coñecer o nome e os apelidos destes inimigos do monte veciñal: AFG, Silvanus, Afrifoga, MAN. A primeira tentativa iníciase no ano 1995 (sendo daquela o Director Xeral de Montes o mesmo que o é hoxe), coa celebración dun mal chamado "Congreso de Montes Veciñais" no concello de Ponteareas. Foi combatida coa realización do I Congreso Galego de Comunidades de Montes (Poio, 1997) e coa constitución da Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM) en Vigo, en 1999.

O segundo intento está datado na lexislatura do goberno bipartito (2005-2009). Os inimigos do monte veciñal, baseándose na que, pensaban, debilidade e descoñecemento da Consellería de

Medio Rural, dirixida politicamente polo BNG, trataron de que este organismo convocase un II Congreso de Montes Veciñais, esixindo que o que alí se acordase fose a política de montes da Consellería. Este segundo empeño foi combatido polo traballo do Sindicato Labrego Galego (SLG), pola ORGACMM e pola valentía da Consellería do Medio Rural, que elaborou un Anteproxecto de Lei de Montes de Galiza, que finalmente, por desgraza, só quedou niso. Neste documento reforzábase o concepto xermánico da titularidade veciñal e dotaba ás asembleas xerais das comunidades de montes de todo o poder de decisión.

Recuperado o poder da Xunta de Galiza polo PP (e os intereses económicos, especulativos e urbanísticos que o



Aldea ao pé da Serra do Burgo, no concello de Montederramo (Ourense).

sosteen), iníciase o terceiro intento de privatizar os montes veciñais. Para acadar este fin elabora unha estratexia a desenvolver na presente lexislatura que se basea en dou piarés: unha política de montes e unha lexislación agresivas cos MVMC.

POLÍTICA DE MONTES, SÓ FORESTALISTA

Para o PP, o monte veciñal ten que ser só forestalista. Desde a súa recuperación do poder, non só reduciu drasticamente as axudas para o monte veciñal e impediu que fosen beneficiarios das mesmas as mancomunidades de montes, senón que eliminou todas aquelas axudas abertas pola anterior Consellería do Medio Rural que promovían un monte veciñal multifuncional e sustentábel. Estas axudas posibilitaban pór en valor todas as funcións e aspectos do monte veciñal: aproveitamentos agro-gandeiros, biomasa forestal, cogomelos, apicultura, e o carácter natural, patrimonial e etnográfico dos montes. Levaban por nome: *Plantacións de frondosas autóctonas, Valoración e multifuncionalidade dos montes e Proxectos dinamicadores das áreas rurais*. As primeiras foron eliminadas e a última, modificada.

As únicas liñas de axudas que o PP mantén para os MVMC son as de extinción (que non prevención) de lumes forestais e a de fomento da silvicultura (onde se vai a permitir a plantación e os tratamentos silvícolas do eucalipto). Con esta nova-vella política de montes, estes converteranse nun mero recurso forestal e, por tanto, sen futuro e pasto do lume, como xa se demostrou en tempos pasados. Con esta nova-vella política de montes, estase achanzando o camiño para proceder á privatización destas terras comunitarias: *Impedir o desenvolvemento racional dos montes*.

LEI DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL

Antes da chegada do PP ao poder, os MVMC estaban catalogados como solo rústico de protección forestal. Nestas terras, só se permitían usos relacionados cos aproveitamentos dos montes veciñais e non podían ser urbanizábeis. Era unha lei que podía ser aceptábel, aínda que deixaba a porta medio aberta ao urbanismo (os MVMC podían ser urbanizados se non tiñan masa arbórea ou se fosen necesarios para un desenvolvemento racional urbanístico), e aínda que a verdadeira alternativa fose cataloga-

distrito xermar



Coa derogación do Decreto da enerxía eólica do bipartito e a aprobación da Lei de aproveitamento eólico elimínase toda capacidade de decisión dos comuneiros e propietarios do monte sobre os seus terreos.

los como solo rústico de especial protección veciñal, dada a superficie territorial que ocupan.

Porén, a primeira lei que retoca o PP cando chega ao goberno é precisamente a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural. Esta modificación fai mudar de categoría os solos dos MVMC, que pasan de ser solo rústico de protección forestal a solo rústico de protección ordinaria. Así, despóxanse os montes veciñais de toda protección, deixándoos a expensas dos intereses urbanísticos e especulativos para engordar, aínda máis, os seus negocios. Con esta modificación, a supervivencia dos MVMC está ameazada.

Nesta mesma liña, tamén podemos falar da derogación do Decreto da enerxía eólica coa aprobación de Lei de aproveitamento eólico e coa creación do canon medioambiental, normativa totalmente negativa para as terras comunitarias ao eliminar toda capacidade de decisión dos titulares dos terreos. A partir deste momento, os parques eólicos instaláranse onde queiran as empresas.

AS SOCIEDADES DE FOMENTO FORESTAL (SOFOR)

Non son outra cousa que a introdución do capital (e dos métodos de produción capitalista) nos aproveitamentos do monte. A lóxica desta produción é concentrar as terras e sacar o maior rendemento económico no menor tempo posíbel, pero é de sobra coñecido que a concentración de terras particulares non é de fácil solución. Coa privatización dos MVMC que xa son, de por si, terras concentradas, non é tan difícil.

Doutra parte, a ninguén se lle escapa que o ciclo de produción do monte é lento e que está sometido a imprevistos (lumes forestais, cheas, pragas, catástrofes, etc.). A solución imposta polo "capital" será, nin máis nin menos, que a de destinar as terras comunitarias á plantación de especies de crecemento rápido ou a cultivos enerxéticos para subministrar as centrais de biomasa forestal, para produción enerxética. Desde esta perspectiva, o MVMC terá como destino a plantación de arborada para queimar en 4-5 anos nas centrais de biomasa forestal.



Monte Croa, no monte veciñal de Parga (Lugo).

Queda meridianamente claro o paralelismo existente entre o "Patrimonio Forestal" español dos anos 50 e a "modernidade" da creación das SOFOR. O primeiro encheu os montes galegos de eucaliptos; as segundas encherán os montes galegos de cultivos enerxéticos. Ambas as dúas fórmulas apostan polo monocultivo forestal e, polo tanto, por non xerar nin biodiversidade, nin valor engadido. A única diferenza estriba en que, mentres o primeiro era de carácter público, as segundas son de carácter totalmente privado.

Coa creación das SOFOR, o goberno galego permitirá a apropiación, a usurpación ou o roubo das terras veciñais a favor dos intereses do capital.

AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

As DOT, documento fundamental para definir o país que precisamos, non valoran nin teñen en conta a existencia

dos montes veciñais en man común. A partir deste documento, como dixemos, o destino dos MVMC é o cultivo monoforestal; e a partir da aprobación da Lei de acompañamento dos orzamentos xerais de Galiza, tamén serven para uso dotacional e parques industriais. Por iso, non é estraño que nun documento de máis de 500 páxinas só se faga referencia unha vez aos MVMC e só para avogar por algo que practicamente xa está feito, como é o de inventariar os montes veciñais.

As DOT carecen dun Plan de Ordenación do Medio Rural que poña as bases para o logro dun medio rural diversificado e con poboación. Carece dun plano de ordenación de usos das terras dos MVMC no que se establezan e se ordenen as funcións das mesmas (agro-gandeiras, de monte, protectoras, de conservación dos restos patrimoniais, etc.), segundo as necesidades do país e das poboacións que o habitan, e segundo a

vocación histórica de cada bisbarra. Carece dun plano de valorización dos MVMC no que se contemplese: a consolidación da titularidade comunitaria ao par dos outros dous tipos de titularidade (a pública e a privada); a posta en valor destas terras desde a óptica da multifuncionalidade e da sustentabilidade, co recoñecemento de todas as súas funcións e os seus usos, mesmo regulando as especies a plantar; e a fundamentación desta multifuncionalidade e sustentabilidade na participación dos veciños e veciñas comuneiros, lexítimos titulares destas terras, co obxectivo de dar respostas ás súas necesidades a través da valorización dos recursos endóxenos.

HAI FUTURO?

A política de montes exclusivamente forestalista, a lexislación agresiva contra o monte veciñal, son pezas dunha estratexia do Partido Popular calculada e temporalizada que ten como obxectivo final a privatización dos MVMC. E para completar a estratexia fáltales só unha peza: unha nova Lei de montes veciñais en man común, que intentará pór as bases xurídicas para proceder á privatización dos mesmos, a través da eliminación do concepto xermánico de titularidade veciñal e a favor da dotación de personalidade xurídica.

Ante este panorama agresivo e de guerra declarada do Partido Popular contra os MVMC, hai futuro? Se cadra, non será doado, mais si que o hai. Este pasa, entre outras cousas, pola defensa da súa existencia como titularidade veciñal e pola ansia de acadar un monte veciñal multifuncional e sustentábel.

Os primeiros que deben oporse a esta estratexia do PP son os veciños e veciñas comuneiros, mais non poden estar sos nesta loita, teñen que estar arroupados por toda a sociedade galega. Porque os MVMC, ademais de ser titularidade veciñal, cumpren funcións sociais e medioambientais das que se beneficia toda a sociedade; porque son espazos abertos, e porque, ao igual que o idioma galego, son un sinal de identidade do noso país. Se desaparecen, estará a desaparecer unha parte de nós.

* Xose Alfredo Pereira Martínez é o Presidente da Organización Galega de Comunidades Veciñais de Montes en Man Común (ORGACMM).

PINTOR DE QUINS

Pinturas ecolóxicas

Estrada Nacional 120, n.º 77 - 32411 QUINS (Ourense)
Teléfonos: 988 481 014 / 655 142 780 / Fax: 988 481 014

CONTESTACIÓN SOCIAL EN BARREIROS NON TODO É SILENCIO

Comba Campoy*

O discurso fatalista paralizou durante moitos anos á xente de Barreiros, que asumía resignada que o boom construtivo era o mellor que lles podía pasar, unha vez que se confirmaba o nulo futuro do sector labrego na zona. Moitas persoas venderon as terras que tantos anos traballaran a cambio de sumas millonarias, e taponaron á vista un anaco máis da paisaxe que tecera o seu imaxinario. Hoxe os camiños que conducen ás praias, outrora percorridos a pé para traballar as leiras litorais ou recoller a ouca, están sementados de chalés sen personalidade, habitados durante dous meses ao ano por centos de persoas que elevan o consumo enerxético e de auga até niveis que o subministro municipal non pode asumir. Durante o inverno, Barreiros ameaza con converterse nun concello fantasma, inzado de urbanizacións valadas coas súas zonas deportivas privadas. As xentes do concello non son convidadas a convivir con esta nova realidade estacional.

O ACICATE 2.0

Nada semellaba desmontar ese derrotismo, tan oportuno para os responsábeis municipais. Pero había xa tempo que nalgúns sectores empezaba a abrollar o descontento fronte á destrución do contorno natural e patrimonial do concello, e a necesidade de facer algo para enfrontalo. Algunhas persoas residentes fóra por motivos laborais deriva-

dos da propia falta de proxecto para o futuro do concello, capitanearon o inicio do movemento. E valéronse, para iso, da ferramenta que lles facilitaba o traballo en rede, descentralizada e aberta á participación de calquera. A rede social máis popular (e non exenta de críticas fundadas) amparou os primeiros pasos do movemento, coa creación do grupo "Barreiros: máis talento e menos cemento", na primavera de 2010. Ás poucas semanas chegaban aos 500 amigos/as. E por primeira vez, o que fora un descontento rumiado en soidade converteuse nun berro colectivo, que cumpría levar, dunha vez, ao plano do real.

REFLEXIÓN DESDE O HUMOR

Tras unha primeira presentación no mes de xuño, sucedéronse as xuntanzas para definir os obxectivos e as primeiras accións do grupo. Insistíase en transmitir un discurso positivo que movera aos veciños e veciñas a cuestionarse o discurso oficial, polo cal o único futuro para o concello está na sobreurbanización. Propúñase protexer o patrimonio cultural e natural, como un valor de desenvolvemento económico a través de formas de turismo máis respectuosas, e reivindicar a participación da xente na toma de decisións que lles afectan en primeira instancia, como aquelas que levaron á concesión de licenzas pouco claras. O espírito do grupo, amplo e diverso na súa conformación, partía da necesidade de

recuperar as prácticas democráticas nun concello que destacou, durante as primeiras décadas do século XX, por contar cun tecido asociativo e unha cultura cooperativa que fixeron posíbel a construción de escolas ou o arranxo de prazas e camiños en réxime de man común. Un concello dinámico, cun comercio e un lecer que atraían a persoas de toda a bisbarra, que permanece na lembranza das máis maiores. Un concello onde primou o talento de moitos homes e mulleres, e cuxo espírito se pretende agora recuperar. Chamar ao talento desde o talento, desde o espírito lúdico e reivindicativo, que animara a pensar a través do riso.

Para iso, as accións do colectivo terían que contar con ese ingrediente fundamental: o talento propio. Empezouse por argallar unha grande festa, cuxo nome, en clave retranqueira, deu xa que pensar á veciñanza. A "I Festa de Exaltación do Cemento", celebrada en setembro tras dous meses de moito traballo e coa colaboración desinteresada de máis dun cento de persoas, constituíu a presentación en sociedade do colectivo. O éxito de participación, cunha ampla presenza de persoas mozas do concello, fai pensar que a estratexia escollida foi a correcta. O debate está aberto e debe continuar.

Por iso, o colectivo seguirá impulsando todo tipo de actividades en positivo, como debates sobre políticas urbanísticas ou animar ás veciñas e veciños máis maiores a que compartan con nós o Barreiros da súa mocidade. O obxectivo: axudarnos ás persoas máis novas a imaxinar outro Barreiros no futuro e contribuir a que o debate siga e non nos enterraren, unha vez máis, no silencio.



A I Festa de Exaltación do Cemento xuntou a 500 persoas do concello e de fóra.



A mañá da festa celebrouse un roteiro polos lugares emblemáticos do talento e da súa destrución.

* Comba Campoy é membra da Plataforma social "Máis talento e menos cemento".

CONTESTACIÓN SOCIAL EN LUGO

A URBANIZACIÓN DAS COSTAS DO PARQUE ROSALÍA

Helena Mosqueira*

O Concello de Lugo aprobou en novembro de 2005 o Proxecto Especial de Reforma Interior (PERI) na Unidade de actuación CS-5 do Plan Xeral de Ordenación Urbanística nas Costas do Parque Rosalía de Castro da cidade de Lugo. Este documento define as edificacións que se pretenden construír neste enclave: seis bloques de plantas de soto, baixo porticado e nove andares, máis baixo cuberta. Varios veciños e veciñas alarmados pola grande edificabilidade permitida, presentamos alegacións que foron desestimadas. Convencidos de que esta solución urbanística era unha agresión ao Parque, un dos espazos públicos máis importantes de Lugo, tanto polo seu valor paisaxístico como ecolóxico e medioambiental, decidimos constituírnos en Asociación e traballar para que se reconsiderasen eses volumes edificatorios.

Decidimos asesorarnos sobre o procedemento para aprobación do chamado PERI e descubrimos que fora aprobado sen levar a cabo os preceptivos controis de coordinación de competencia doutras Administracións sectoriais. Ademais, a Unidade de Actuación atópase dentro do perímetro de protección das Termas do Balneario e tamén do Sanatorio Portela que linda coa parcela, ambos os dous catalogados e protexidos pola Lei de Patrimonio Cultural de Galiza. Por todo isto, o informe de Patrimonio é vinculante. Porén, o Concello tamén prescindiu deste trámite de obrigado cumprimento.

A través de infografías mostramos aos veciños e veciñas de Lugo como era a urbanización que se quería levantar nas Costas do Parque e solicitamos o apoio para as nosas demandas. Aos poucos días xa tiñamos 12.000 sinaturas de apoio, o que nos animou a seguir loitando para paralizar a obra. Así mesmo, iniciamos os trámites para que se recoñecese o Parque como Ben de Interese Cultural.

En xuño de 2007, a Delegación da Consellaría de Cultura dirixiu un escrito ao Concello de Lugo instándoo a paralizar as obras, pero o Sr. Alcalde, Xosé López Orozco, fixo caso omiso a este

requirimento e contestou publicamente que este informe de Patrimonio non era necesario. Cómpre dicir que, polo que respecta á información solicitada en instancias municipais, obtivo demasiados atrancos.

Ante esta actitude, a Asociación en Defensa do Parque de Rosalía presentou un recurso contencioso-administrativo que, finalmente, foi fallado ao favor da veciñanza, pero que o Concello recorreu. Paralelamente, a Asociación continuou defendendo a legalidade xa que cada día se sucedían irregularidades, impedindo a entrada dos camións por zona verde e sen bado autorizado, denunciando a tala de árbores efectuada sen a debida licenza e a instalación da grúa e peche de vial sen autorización e sen as medidas de seguridade necesarias. Comprobamos ademais que os accesos aos edificios non teñen a medida necesaria para o rodamento dun camión de bombeiros.

Outra das infraccións que denunciámos foi o convenio asinado entre o concello e o promotor, polo cal o concello lle cede unha parcela patrimonio dos veciños de Lugo (adquirida no seu día para a ampliación do Parque) a cambio dunha zona verde marxinal sen posibilidade de aproveitamento polos cidadáns.


Cando pensabamos que a urbanización ficaba paralizada tras a protesta social e o acordo plenario do Concello de solicitar á Xunta a declaración do Parque como BIC, meses máis tarde o promotor retomaba as obras, presumiblemente baixo o paraguas do concello.


Agora está pendente de fallo o contencioso administrativo presentado pola Consellaría de Cultura, máis o recurso do Concello de Lugo xa citado.

Por fortuna, recentemente o xulgado de instrución nº 1 de Lugo vén de ditaminar a paralización cautelar e inmediata das obras, a falta dos preceptivos informes sectoriais e vinculantes para o outorgamento da licenza de obra, cuxa emisión podería ser considerada, segundo o auto, como presunto delito contra a ordenación do territorio. Por parte da Asociación na Defensa do Parque de Rosalía esixiremos que se derruben os edificios e que os responsábeis do outorgamento da licenza respondan co seu patrimonio diante da cidadanía luguesa, a cal ten que seguir vixiante.

* Helena Mosqueira é membro da Asociación na Defensa do Parque de Rosalía e o seu contorno.

Asoc. Parque Rosalía





Gadisa está aí

Contribuíndo ao desenvolvemento de Galicia; xerando emprego e potenciando o crecemento económico do noroeste español. Colaborando co medioambiente, coa cultura, co deporte e os acontecementos da sociedade. Participando e promovendo activamente iniciativas positivas para a nosa sociedade. Garantindo a calidade e ofrecéndolles aos clientes cada vez máis e mellores puntos de venda. Traballando polo futuro.



GADIS



Lialey



GADIS
gadisinc.com

NOVOS AIRES PARA OS TRANSXÉNICOS

Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA)

Novos aires sopran na Unión Europea en referencia aos Organismos Xeneticamente Modificados (OXM), aínda que ata o de agora consideramos e sempre denunciámos a dobre cara e a posición hipócrita de Bruxelas: por unha banda, ir de "verdes" coa cidadanía e, por outra, apoiar e traballar activamente cos *lobbys* da tecnoloxía xenética. A proba témola na nova proposta da Comisión Europea (CE) en canto ás recomendacións para favorecer a coexistencia de cultivos.

Unha grande maioría de ministros e ministras cuestionou a proposta da CE dirixida a dar liberdade aos Estados membros para autorizar ou non o cultivo de plantas modificadas xeneticamente nos seus territorios, postura vergoñenta pero tamén defendida pola ex-ministra de Medio ambiente do Estado español, Elena Espinosa. Francia pediu á CE que presentase os informes sobre os impactos socioeconómicos dos OXM solicitados en decembro de 2008, e cuestionou a revisión do procedemento das análises de riscos aplicado por AESA (Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria). Mais a postura francesa é escandalosa, xa que mantén unha moratoria sobre os transxénicos no seu territorio, mais apoia calquera nova autorización que se presenta na CE para outros Estados.

O comisario europeo John Dalli asegurou que non sería posíbel limitar ou bloquear a libre circulación de sementes transxénicas, nin sequera nas zonas nas que están prohibidos os cultivos transxénicos, e aseverou a compatibilidade da proposta coas normas da OMC. E de chegar a un consenso e aplicar a proposta da CE, as medidas tomadas a nivel nacional afectarían só o cultivo (e non comercialización) de transxénicos. Estas medidas restritivas non terían por que basearse en argumentos relativos aos riscos para o medio ambiente ou a saúde; tamén caberían cuestións éticas ou sociais. Resulta rechamante esta postura da CE, que non presenta os informes solicitados sobre os impactos dos OXM e amosa unha fe cega na Axencia AESA. Quizais teñan algo que as fortes relacións existentes entre os grandes *lobbys* da biotecnoloxía con esta Axencia.

Tratando de convencer ao comisario europeo, a Oficina Europea da Coexistencia (EcoB) presentou un informe que conclúe que certas precaucións concretas (distancia de 15 a 50 metros entre cultivos transxénicos e non

transxénicos) poden axudar a limitar ou evitar a mestura de millo transxénico con variedades de millo convencional ou ecolóxico. Estas condicións están recollidas no espírito da proposta da CE. Resulta insultante que pretendan seguir a falar de coexistencia cando xa está máis que demostrado que é imposible. Como exemplo recente chega con referir a multa de 25.000 € que un tribunal italiano impuxo a un labrego que sementou millo MON810 prohibido nese país, mentres non se aprobaran as regras de coexistencia. A sentenza emitíuse tras dispor da confirmación científica de que os campos veciños foran contaminados.

Hai moitos máis exemplos de contradicións, como que a CE vén de recomendar a Suecia que destrúa as plantas de patacas transxénicas cultivadas no seu territorio: 15 Ha de pataca *Amflora* nas que se descubriu o cultivo doutra pataca transxénica do monstro alemán BASF, a pataca *Amadea*, variedade aínda non autorizada pola CE. Fronte a este escándalo, Bruxelas atribuíu o feito a un erro humano: as dúas variedades, *Amflora* e *Amadea*, foran

confundidas cando coincidiran na mesma instalación. "A partires de agora separaremos o proceso de produción das distintas variedades de patacas co fin de evitar estes erros", foron as declaracións de Peter Eckes, Xefe da División de BASF. Como imos a confiar así na lexislación, nos organismos de control dos OXM, e nas empresas que manexan da mesma forma unha variedade autorizada que outra non autorizada?

A día de hoxe son dúas as plantas modificadas xeneticamente autorizadas pola UE: dous tipos de millo, aínda que só o MON810 pode ser cultivado, e a pataca *Amflora* de BASF, supostamente só para uso industrial.

A POSTURA DO ESTADO ESPAÑOL

O Estado español defende que os organismos modificados xeneticamente se manteñan no ámbito comunitario, postura que manifestou a ex-ministra Espinosa: "sempre coordinados pola UE, que garantisen a seguridade ambiental e a seguridade para o consumidor". Resulta curioso que o Estado non se posicione aberta-



Imaxe 1. Localización: Parroquia de Cumbraos, Lugar de Castiñeiras, Concello de Mesía. Datos catastrais: provincia: 15 (A Coruña), municipio: 48 (Mesía), polígono: 505, parcela 562.



Imaxe 2. Leira traballada e posteriormente sementada de xeito experimental con millo transxénico.



Imaxe 3. Parcela experimental fresada.



Imaxe 4: A foto permiten ver os restos secos do experimento na superficie do solo e os rebrotes, xa con espigas formadas, do millo.



Imaxe 5. ZONAS DECLARADAS LIBRES DE TRANSXÉNICOS NA GALIZA.
En Pontevedra: Lalín, O Grove, Silleda, Forcarei; En Ourense: O Irixo, Verín, Ribadavia, Allariz; En Lugo: Chantada, Riotorto; na Coruña: Val do Dubra, Ames, Teo, Negreira e Mesía.

mente neste eido. É ruín finxir non ter ningún interese en tomar decisións nin definir posturas, sobre todo, se temos en conta que a maior superficie de cultivo de organismos modificados xeneticamente en Europa está no Estado español. Outro dobre xogo: en Europa apóiase todo pero no Estado mantense silencio, como que non vai con nós. Pero só temos que ver a grande inquietude que amosa o Ministerio pola "falta de axilización do proceso de autorización de cultivos" (palabras da ex-ministra) para darnos de conta do afán do Estado por sementar máis transxénicos.

É curioso que, a pesar do afán pro-transxénico do Estado, por primeira vez dende hai moitos anos, se observa neste ano unha caída do 11% da superficie cultivada de organismos xeneticamente modificados, segundo datos

"Xa pasaron dous anos dende que o Parlamento Galego acordou por unanimidade, o 26 de novembro do 2008, opoñerse ao cultivo de transxénicos"

aportados polo propio Ministerio e obtidos do rexistro de variedades comerciais e das declaracións de vendas das sementes transxénicas. Rachou así a tendencia á alza da superficie de cultivo transxénico que se viña dando dende o ano 2001.

OS TRANSXÉNICOS NA GALIZA

Na Galiza predomina a falla de posicionamento do goberno. Aínda sabendo a posición que mantén o Estado, aquí séguese a xogar a non decantarse abertamente a favor. Resalta

ademais a ignorancia que os nosos representantes en xeral demostran neste terreo, cando afecta tan claramente á cidadanía galega e ao seu territorio.

Xa pasaron dous anos dende que o Parlamento Galego acordou por unanimidade, o 26 de novembro do 2008, opoñerse ao cultivo de transxénicos. Este compromiso tentou ser abordado de novo o pasado mes de maio, sen que o Parlamento, por certo, tivera en conta a opinión da sociedade civil. Co obxectivo de coñecer de que xeito se concretaron as medidas acordadas no 2008 e como foi abordada a cuestión no mes de maio, a Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA) iniciou os contactos cos Grupos parlamentarios. A PGA expresoulle ao PPdG que, malia que a propia consellaría realizou alegacións ao campo experimental de

Mesía, semella non apreciarse ningún tipo de actuación efectiva e contundente por parte da Administración galega. Lamentando a ausencia de fluidez de información nesta materia entre os gobernos e a sociedade civil, instamos ao PP a facer fronte aos OXM a través da declaración de Galiza como zona libre de transxénicos como fixo a Illa de Madeira no pasado mes de xullo. Pola súa banda, os parlamentarios populares M^a Isabel García Pacín e Xesús Goldar Güimil declaráronse coñecedores da polémica que arrodea os organismos modificados xeneticamente e coincidiron en valorar que, a día de hoxe, a etiquetaxe e trazabilidade dos alimentos transxénicos é totalmente insuficiente, eido no que manifestaron que cómpre traballar, ao tempo que asumiron que "existen moitos baleiros" na totalidade da lexislación nesta materia.

Dende a PGA insistimos en que a nivel europeo está a haber reaccións en materia de lexislación polo que é importante dar a coñecer á cidadanía

de xeito inmediato o posicionamento do goberno galego a este respecto. Neste senso, comprometéronse a realizar unha "transmisión de urxencia" á Consellaría de Medio Rural solicitando información ao respecto das medidas que se deberían desenvolver e a abrir unha liña de traballo parlamentario coa PGA a través do mantemento de reunións periódicas coas/cos seus representantes.

Polo grupo parlamentar do BNG, Tareixa Paz, comprometeuse a denunciar a actitude negligente de Medio Rural logo do rebrote do millo experimental transxénico sementado en Mesía. Asemade, esta pregunta será trasladada a nivel estatal no Congreso e Senado. Tamén se pedirá o posicionamento público do Goberno galego, na liña da recente declaración da Illa de Madeira como zona libre de transxénicos.

A representante do grupo nacionalista concordou tamén coa PGA na urxencia de que nos comedores públi-

cos, tanto escolares coma de hospitais e outros servizos rexidos pola Administración galega, se garanta a ausencia de alimentos modificados xeneticamente ou alimentados con penso transxénico, sendo estes substituídos por alimentos de tempada subministrados por produtoras e produtores da zona, e manifestou a vontade do BNG de reunirse periodicamente coa PGA, a fin de poder partillar información e realizar un seguimento conxunto das demandas de información solicitadas á Administración galega.

Cómpre dicir que temos pendente a reunión da PGA coa vogal do grupo socialista, Carmen Gallego, quen se comprometeu por primeira vez a recíbranos. En todo caso, desde a PGA consideramos que xa houbo un prazo suficiente para iniciar polo menos unhas primeiras medidas, polo que imos intensificar a loita social para impedir que os organismos xeneticamente modificados invadan o noso País axudados pola lasitude da Administración.

CRONOLOXÍA DOS FEITOS ARREDOR DA PARCELA DE EXPERIMENTACIÓN CON MILLO TRANSXÉNICO EN GALIZA EN 2010

- **Primavera 2010: CASO OMISO ÁS ALEGACIÓNS E SOLICITUDES DE PRECAUCIÓN: APROBACIÓN E INICIO DO EXPERIMENTO TRANSXÉNICO EN MESÍA (Imaxe 2).**
A pesar das alegacións presentadas pola PGA e pola propia Xunta de Galiza, o MAMRM, autoriza o campo de experimentación con millo modificado xeneticamente en Mesía.
- **Maio 2010: GRAN LOGRO DO MOVEMENTO ANTITRANSXÉNICO: LOCALIZACIÓN EXACTA DAS PARCELA EXPERIMENTAIS (Imaxe 1).**
Froito do traballo dos movementos sociais implicados na loita contra os cultivo en campo aberto e experimentación con organismos xeneticamente modificados (OMX), faise pública, por primeira vez, a localización exacta das parcela experimentais con transxénicos. A multinacional Pioneer solicita na Galiza 7 ensaios para a experimentación con variedades de millo modificado xeneticamente en Mesía.
- **Agosto 2010: ALGO ESTRANO ESTÁ A SUCCEDER NA PARCELA... PARALIZACIÓN INESPERADA DO EXPERIMENTO (Imaxe 3).**
Logo dun evidente estado de abandono do experimento, a parcela aparece fresada. Incumprindo as obrigas e requirimentos oficias, os restos non son eliminados nin soterrados; quedan libremente na superficie da parcela. Ante as solicitudes de información do movemento antitransxénico, o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Mariño e a Xunta, afirman que este ensaio foi destruído de xeito prematuro ["...debido ás condicións climatolóxicas, a nacemento das plantas de millo foi moi desigual..."].
- **Setembro de 2010: SITUACIÓN DE ALERTA NA PARCELA E ARREDORES! CRECIMENTO INCONTROLADO DE REBROTES TRANSXÉNICOS (Imaxe 4).**
A Plataforma Galega Antitransxénicos confirma o crecemento de rebrotes dos cultivos de millo, pese a paralización e teórica correcta destrución do experimento, confirmado pola Xunta de Galiza. Intres despois de facer pública a existencia de rebrotes na leira de experimentación, os rebrotes aparecen arrincados...
- **1 de Outubro de 2010: MESÍA DECLÁRASE ZONA LIBRE DE TRANSXÉNICOS! (Imaxe 5).**
A corporación municipal aproba por unanimidade unha proposta na que se declara todo o termo municipal de Mesía libre de cultivos transxénicos, reclamando normativas que favorezan os cultivos convencionais, tradicionais e ecolóxicos, en detrimento dos experimentos e cultivos con organismos modificados xeneticamente.

**quieres prensa
en galego,
crítica,
alternativa?**

Telo na túa man

SUBSCRÍBETE



TEMPOS NOVOS
SUBSCRIBIÓN ANUAL 39 €
(27% de desconto respecto quiosco)

INFORME GALICIA 2010
7 €
(Prezo venda non subscriptores, 26€)

PROTEXTA
revista trimestral de libros
(Gratis)

A subscripción anual á revista TEMPOS NOVOS, o INFORME GALICIA 2010 e a revista trimestral de libros Protexa, todo por 46 €

É tan fácil como chamar a calquera destes teléfonos:

981 557 117 / 981 557 119 / 639 126 187

ou enviando un correo electrónico cos teus datos a: subscricion@temposnovos.net

FRANCISCO DÍAZ-FIERROS

"O TRANSPORTE PÚBLICO É A MATERIA PENDENTE DE GALIZA"

Entrevista por Belén Rodríguez

Francisco Díaz-Fierros Viqueira é doutor en Farmacia e Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi presidente da Sociedade Galega de Historia Natural e da Sección de Física e Solo da Sociedade Española de Ciencia do Solo, e desde 1980 encabeza a Xunta rectora do Seminario de Estudos Galegos. Actualmente tamén é vicepresidente do Consello da Cultura Galega. Recibiu varios premios pola súa contribución ao mundo das Ciencias e é autor dunha extensa lista de publicacións de carácter científico e cultural.



distrito xernar

ESPAZOS PROTEXIDOS

- Fagamos entón un repaso polas diversas áreas ambientais. Debe aumentar a superficie galega de espazos protexidos (actualmente tan só o 12% é Rede Natura), ou ser creados os instrumentos de xestión dos xa declarados?
- Non se poden incrementar os espazos sen ter capacidade para a xestión dos mesmos. Poño por caso a protección da bacía alta do río Miño, é ampla e interesante pero ten problemas de xestión porque debe compaxinar a súa conservación coa presenza considerá-

bel da actividade agraria. A xestión destes espazos pasa por implicar aos agricultores e gandeiros na mesma. Cómpre distinguir entre explotacións viábeis e explotacións en regresión. Habería que facer fincapé en incorporar na problemática ambiental á xente nova con explotacións agrogandeiras con futuro e viábeis, en principio, máis sensíbel á cuestión ecolóxica.

- É posíbel a incorporación das actividades extractivas na xestión dos espazos protexidos?
- Moi dificilmente, son produtores sen vocación de permanencia, explotan o

recurso e vanse, e ademais están pouco controladas e crean problemas nos acuíferos e na xeración de residuos. A minaría é unha "ave de paso" e ten menos posibilidades de integrarse.

- Como deberan influír nesta área as políticas de protección xeral do territorio?
- A ordenación do territorio débese tratar con incentivos, a pesar de que somos unha sociedade demasiado subvencionada, para que unha actividade con futuro poida ser rendíbel a medio prazo. Hai que facer máis traballo de campo. De pouco valen as declaracións e as normativas se despois non hai seguimento da efectividade das medidas tomadas. Calquera tipo de acción que se faga no medio rural debe ser tratada como un expe-

"É necesario incorporar na problemática ambiental a xente nova con explotacións agrogandeiras con futuro e viábeis"

rimento, baixo un control e con medidas correctoras dos problemas que vaian xurdindo.

CAMBIO CLIMÁTICO

- Estanse a aplicar medidas contra o cambio climático?
- Existe un Plan Galego de Loita contra o Cambio Climático, elaborado polo bipartito que, sobre o papel, é bastante aceptábel. A nivel práctico funcio-

nou moi ben o proxecto Climántica de Educación ambiental. É unha referencia no Estado nos últimos anos. En canto á redución de emisións ou taxas, non é tanto unha cuestión autonómica, depende do reparto estatal. Polo menos, semella que as emisións se estabilizaron. Pero segue sendo moi complexo aplicar medidas de redución de emisións nalgúns sectores, como o agrogandeiro que xa ten bastantes problemas. Por outra parte, a utilización de sumidoiros podería solucionar parcialmente o problema durante uns anos. Hai que ter en conta que a retención de carbono polos bosques funcionará ata metade de século, a partir de aí o efecto sumidoiro entrará en equilibrio. Entón haberá que facer avaliacións a medio prazo e diversificar para non ser dependentes das plantacións de medra rápida. Absorberíamos menos dióxido de carbono, pero manteríamos máis tempo o efecto sumidoiro e ademais beneficiaríamos á paisaxe. Outro problema é que o Cambio climático non se aborda desde unha visión integrada nas políticas das diferentes consellarías da Xunta.

- **Que sectores sociais están a tomarse máis e menos en serio esta cuestión?**

“A pequena e mediana industria, xunto con algúns concellos, son os sectores que toman menos en serio a mudanza climática”

- O educativo e o docente, en xeral, é o sector con maior claridade e visión de futuro sobre a problemática. Do lado negativo, sinalaría o sector da pequena e mediana industria, máis suxeita ao curto prazo que a grande industria, e algúns concellos que “pasan” da cuestión ambiental.

- **Onde se percibe mellor o problema do cambio climático?**

- Na comunidade científica, fundamentalmente, xa que non é algo que se perciba día a día e de xeito directo pola sociedade. Os medios e os científicos conseguimos que a sociedade acepte a existencia do problema pero non o percibe directamente, agás algunhas persoas maiores que notan

“A paisaxe eólica debe estar restrinxida, pero hai que considerala nun futuro”

distrito xerman



adiantos na floración, nas vendimas, a aparición de novas especies...

- **Debemos dar crédito aos que vaticinan sobre situacións catastróficas que acaben coa humanidade?**

- Non hai razón para pensar iso. Debemos ser moi serios ao falar da mudanza climática. Estas teorías que exceden as apreciacións dos efectos do Cambio climático poden facer moito dano na concienciación social do pro-

“O proceso de reconversión cara as enerxías renovábeis debe rematar coas térmicas”

blema. O horizonte temporal que se acostuma tomar para falar dos efectos do quecemento global é este século.

ENERXÍA

- **A cuestión eólica preséntase moi controvertida: cales son as claves que permitan entendela?**

- O principal impacto da enerxía eólica é sobre a paisaxe, e logo sobre a poboación de aves. Para avaliar esta cuestión, falta por definir que tipo de

paisaxe queremos defender. Poño como exemplo o I Tomo do Catálogo das Paisaxes de Cataluña, recentemente publicado. Este traballo do Observatorio da Paisaxe Catalá é modélico. Neste catálogo aparecen como paisaxe a natural, a tradicional..., pero tamén elementos como a néboa ou os campos de aerogeneradores eólicos (unha paisaxe intervída). Esta última deber ser unha paisaxe restrinxida, pero que hai que considerala no futuro. Os cataláns tamén lle poñen límites.

- **Estase a facer algún catálogo similar en Galiza?**

- Si, pero creo que non se teñen as cousas tan claras como en Cataluña. A nosa paisaxe é un dos activos máis importantes que temos, non só como elemento de identidade, senón tamén como recurso económico. Nese catálogo debe haber paisaxes tradicionais e paisaxes novas e catalogar moito os elementos que integran esta paisaxe, non só elementos naturais, tamén sociais, patrimoniais, culturais, ... Eu creo que non se está afondando na problemática actual da nosa paisaxe, que hoxe en día concíbese con máis elementos culturais que hai 50 anos.

“As minicentrales deberíanse limitar ao máximo porque os ríos son un dos bens máis importantes que temos en Galiza”

- **Debemos seguir sucumbindo ás hidroeléctricas?**

- Creo que os ríos xa están demasiado intervídos. As minicentrales deberíanse limitar ao máximo porque as augas superficiais son un dos bens máis importantes que temos en Galiza. Hai que contribuír con enerxías limpas, pero baixo unhas limitacións. Atopar un río galego non parcelado ou intervído é case imposible.

- **A reconversión das enerxías fósiles cara ás renovábeis vai na boa dirección?**

- Agora, por unha cuestión política coxuntural, o Estado quere incentivar de novo o carbón, cando en Europa e no mundo se mira con receo. O pro-

blema dos lignitos galegos é que teñen moito xofre, por iso houbo que substituílos por outros menos contaminantes. Nese momento xa se deron cambios, pero non debemos esquecer nos que a medio prazo esas enerxías deberán ser reconvertidas, tampouco ten moito sentido importar carbón de fóra. Ese proceso debe rematar coas térmicas, mais polo de agora vai lento e por baixo das expectativas iniciais.

AUGA

- Cre preciso modificar as cuantías e tipoloxías de prezos da auga, tal e como obriga a nova Lei aprobada polo Executivo galego?
- As recomendación europeas son claras: que a auga teña o prezo de custe.

“O incremento do prezo da auga ten un valor educativo claro, pero debe ser gradual”

Evidentemente agora estaba moi por debaixo do seu custo. O incremento do prezo da auga ten un valor educativo claro. Pero creo que o aumento da tarifa debe ser gradual e non de súpeto, como se pretende facer. Na medida en que deixemos de contribuír á contaminación da auga, tamén os procesos de depuración poden ser máis baratos. Débese explicar ben esta idea e ten que haber unha participación da sociedade no proceso, o problema é que esta é unha cuestión

mediatizada por concellos que non queren ceder esta parcela de control.

RESIDUOS

- Como valora o novo borrador do Plan galego de residuos sólidos urbanos de Galiza?
- O tratamento térmico dos residuos habería que limitalo. Do que non cabe dúbida é que deben mellorar moito máis as outras alternativas, como a compostaxe. Hai plantas de compostaxe

“As plantas de compostaxe que funcionan ben, como a de Lousame, deben de ser axudadas e defendidas pola administración pública”

xe que funcionan ben e outras que, tecnicamente, non son defendíbeis. Creo que no caso de Lousame debería haber unha intervención pública para defendela fronte ao impago dos concellos. As plantas que funcionan ben deben de ser axudadas e defendidas porque contribúen ao convencemento do resto dos concellos e da poboación en xeral.

URBANISMO

- En materia urbanística estanse a dar varias reformas. Que opinión lle merecen?
- O problema do urbanismo en Galiza xa vén dos anos 60 cando houbo un “desmadre” xeralizado. Aquí estase facendo un urbanismo malo, agás excepcións. Nas poboacións ou concentracións

“No litoral, habería que manter a medida dos 500 metros, como en Asturias”

urbanas permítense uns volumes esaxerados da edificación e as zonas rurais non escapan a este descontrol. Hai que comezar a limitar. Moitas cidades xa están “perdidas”, como Vigo ou A Coruña. Hoxe son salvábeis Santiago (que está a construír un corredor verde) ou Lugo. No litoral é onde máis problemas se dan pola presión demográfica. Casos dramáticos como o de Sanxenxo ou o da Mariña luguesa deberían poñer couto, aproveitando o momento baixo da construción. A medida dos 500 metros é necesaria e interesante e habería que mantela, como en Asturias.

TRANSPORTE

- Nesta materia, as previsións son AVE e máis autoestradas....
- Unha das singularidades negativas de Galiza é o exceso de transporte, obrigado pola súa dispersión poboacional. O único que soluciona o AVE é a conexión cos puntos neuráxicos económicos de España, pero non o problema estrutural da dispersión poboacional, a cal inflúe negativamente no Cambio climático e noutro tipo de connotacións ambientais. O transporte público, e en concreto o de proximidade, é a materia pendente de Galiza.

Por suposto que unha parte da culpa témola nós. Cústanos traballo usar o transporte público ou compartir coche, por cuestións de tipo psicolóxico e de educación. Nesta área hai que actuar a nivel individual, colectivo, público e educativo.

CRISE

- A crise segue a ser unha oportunidade para mudar o sistema capitalista imperante?
- A oportunidade non a perdemos porque a crise aínda non rematou. Poden quedar polo menos cinco anos máis ata recuperarnos. Aínda así, volver aos parámetros de produción de hai 3 anos vai ser difícil. Polo tanto, debemos aproveitar a situación para detectar onde están os problemas, para aprender a vivir con menos e prescindir dos excesos que, en definitiva, só fan xerar residuos. Non é unha oportunidade desexábel, porque moitas familias pasan por dificultades, pero haina que aproveitar.



A MICOFOBIA EN GALIZA

O CHOUPÍN

Cristovo Ruiz Leivas*

A micofobia (medo aos cogomelos) foi imposta no pobo galego, enganado pola Igrexa, para consolidar a idea de que a única relixión verdadeira era a católica. A triste e nefasta Inquisición foi a encargada de facer aparecer esas fobias. Sabemos que as árbores, as plantas e calquera insecto ou animal tiñan e teñen un nome autóctono e local, chegando a acadar unha cantidade de nomenclatura superior á que poidera haber en catalán ou en euskera. Aos cogomelos pasáballes e pásalles o mesmo, pero os seus nomes foron suprimidos de todo escrito para que a realidade da cultura precolombina fose riscada da nosa terra. Agora case ninguén quere desenmarañar esta realidade agachada baixo o "manto negro" que impuxeron e queren seguir impoñendo no Reino *Fungi* en Galiza. No apartado "Os Fungos" do libro *O Dioscórides Renovado*, Pío Font Quer apunta que os nomes de cogomelos que xa se coñecían en Galiza eran desprezados polos galegos; pero non é certo, aqueles que comezaban por PAN eran considerados comestíbeis, ben para animais ou ben para persoas: *Pantorra* (comida-torra-torre), *panchica*, *pan do sapo* (comida dos sapos, paxaros, ratos pequenos de monte cando o cogomelo está xa moi pasado), *pan das meigas*, *pan do demo*, *pan de curuxa*, e moitos máis con denominacións tales como *sombreiro de sapo* ou *peidos de lobo*. Son nomes vulgares que a aldea lles deu, aínda que eran diferentes entre pobos veciños, dependendo das observacións particulares de cada un.

É certo que fan falla os nomes científicos para podermos entender entre todos, pero o demencial é que, á base de copiar e publicar tratados sen ningún traballo de campo, foise inculcando a micofobia en toda Galiza. Valdeorras, particularmente, librouse algo, pero non de todo.

O CHOUPÍN (MACROLEPIOTA PROCERA)

É un cogomelo do xénero diferenciado da familia *Lepiotaceae*- *Macrolepiota* tendo como xustificación primordial o tamaño das especies nel comprendi-



Macrolepiota procera.

das. Os seus sombreiros (ou puchos) son escamados e o mamelón central é de láminas libres e de cores abrancazadas. O pé é frecuentemente bulboso e está dotado de aneis dobres ou sinxelos que se desprazan, e nalgúns casos desaparecen.

O tamaño dos cogomelos deste xénero levou a crer na media verdade de que todos son comestíbeis. É certo que a *Macrolepiota procera* e *Macrolepiota rhacodes* son excelentes comestíbeis e tamén que as *Lepiotas* de pequeno tamaño poden ser moi perigosas, mesmo mortais. A máis pequena das *Macrolepiotas* é a *Macrolepiota phaeodisca*, que acadar os 11 cm de diámetro e non é tóxica.

Pero non todas son comestíbeis. Hai variedades da citada *Macrolepiota rhacodes*, a *Veneneta* e a *Bohemica*, que producen trastornos gastrointestinais severos. Na *Veneneta* o tamaño do pé é máis curto e no sombreiro represéntase unha forma de estrela. Na *Bohemica*, as

escamas son moito máis escasas e menos profundas que na *Rhacodes* comestíbel.

A *Macrolepiota procera*, coñecida popularmente como "Choupín", "Cogordo", "Palotes", "Zarrota", "Monxo",... é o cogomelo que máis nomes acadar en galego (supera os 50) e tamén o máis popular e o máis buscado na zona de Valdeorras, Trives e O Bolo. Cántase en toda a Ribeira do Sil:

*Choupín, choupiñeiro, dime onde
está o teu compañeiro*

Xa cando o Sil verte as augas no Miño, o cantar muda e di:

*Zarrota, zarroteira, dime onde
está a túa compañeira*

Antes de comezarmos a usar produtos químicos e herbicidas, estes cogomelos atopábanse con moita facilidade nas vides e cando se vía un, era previsíbel que moi preto estiveran os seus compañeiros.



Lepiota brunneoencarnata.

**Os palotes do rebusco
teñen dobre gusto**

Este dito refírese a que uns días despois da vendima, quen quixera podería ir rebuscar as uvas que quedaban nas vides e se, ademais das uvas, atopaban palotes a satisfacción era dobre.

Cando a *Macrolepiota procera* e outras de tamaño máis grande aínda están pechadas chámanse "Palotes";

cando comezan a abrir, "Monxos" e cando xa abriron, di o dito: "O Monxe xa dixo a misa", e aínda vale para comer. Para dar conta de que os choupíns xa están pasados e tornan en forma de funil, dise:

Fungo funil, nin pa ti, nin pa min

Aínda que temos outros cogomelos que xa nacen en forma de funil e son comestíbeis.

Sete nun pé, choupín malo é

É posíbel que a toxicidade das variantes *Bohemica* e *Venenata* da *Macrolepiota rachodes* teña que ver coa aplicación de xurros ou produtos en descomposición en hábitats moi determinados.

Choupín pequeno, fol de veneno

Os choupíns pequenos, *Lepiota brunneoencarnata*, son moi venenosos ou tóxicos. Son similares á *Macrolepiota procera*, pero non sobrepasan os 8 cm de altura. A súa carne vólvese vermella ao cortala. Os síntomas de intoxicación por esta variedade son semellantes aos da *Amanita phalloides*. Foi causa de varias intoxicacións mortais tras a recollida de exemplares en xardíns públicos. Por iso, débese ter moito coidado de non apañar *Lepiotas* de pequeno tamaño que, por certo, abundan en Galiza.

* Cristovo Ruiz Leivas é micólogo autodidacta e etnógrafo.
+info:
<http://cogomelosefloradevaldeorras.blogspot.com>

**espacio
sub
marino**

A túa revista sub
feita desde Galicia
para todos os amantes do mar
www.espaciosub.com



OS SOUTOS E A MICORRIZACIÓN

Esteban Sinde Stompel*

Os soutos de castiñeiros do país (*Castanea sativa*) foron asolados pola enfermidade da tinta (provocada polo fungo *Phytophthora cinamonii*), que apareceu no século XVIII, penetrando o seu micelio polas raíces das árbores, deixándoas sen sabia e matándoas en pouco tempo. Esta enfermidade chegou desde Asia onde os castiñeiros (*C. crenata* e *C. mollisima*) se fixeron resistentes ao fungo. Aquí, afecta especialmente aos castiñeiros situados en zonas con clima temperado e húmido polo que todos os soutos da Galiza atlántica desapareceron no pasado século.

Desde os anos 50 investigouse na produción de castiñeiros híbridos, una mestura ("mestizos") entre os castiñeiros xaponeses e os nosos, obtida por polinizacións cruzadas entre árbores de ambas as dúas especies. Algunhas das plantas-naí obtidas eran moi resistentes á tinta, medraban igual ou máis que o castiñeiro do país (mentres o xaponés é moito máis pequeno) e producían unha castaña grande e de moi boa calidade.

Dentro destes híbridos, procedentes da Misión Biolóxica de Galiza e do Centro de Investigacións de Lourizán, algúns viveiros galegos, como Hifas da Terra, escolleron aqueles con mellor calidade de castaña: grande, doada de pelar, doce, sen tabicar,... obtendo unhas "árbores-plus", que medran máis, resisten á tinta e son produtoras directas de castaña (non precisan ser inxertadas). Algúns destes híbridos empregáronse como patróns para inxertar sobre deles



as variedades autóctonas de castaña galega (Famosa de Riós, Amarelante de Manzaneda, *Judia* de Tras-os-Montes,...) mantendo así este patrimonio xenético sobre un patrón resistente á tinta.

Desde Hifas da Terra investigouse mediante un proxecto de I+D+i a posibilidade de micorrizar estas árbores con fungos coma o *Boletus edulis*, *B. erythropus*, *B. pinnophilus* ou a *Russula virescens*. Nestas micorrizacións demostrouse que se pode conseguir que as árbores produzan cogomelos moi valorados a nivel alimenticio. Ademais acádanse múltiples funcións mediante esta asociación micorrízica: aumentar a absorción de auga e nutrientes na planta, protexer as árbores contra patóxenos radicais, facilitar a asimilación de macro e microelementos pola raíz, etc.

O perfeccionamento das técnicas de micorrización amosou que non só serven para mellorar as plantas de viveiro, senón que permiten inocular fungos

simbiontes de valor culinario (*Boletus edulis*, *Lactarius deliciosus*,...) sobre árbores existentes, fomentando así a produción de cogomelos nos montes galegos.

Grazas a estas novas técnicas, o castiñeiro pode chegar a ser unha das árbores máis rendíbeis na explotación agroforestal de Galiza, superando mesmo ao eucalipto en produtividade. Hifas da Terra realizou estudos co CIFA de Lourizán nos que se demostraba que unha plantación de castiñeiros híbridos micorrizados podía estar a plena produción de madeira e castaña e *Boletus edulis* aos 15 anos de plantación, a un marco de 7x7m (205 árbores/ha); obténdose uns rendementos de 3.000 kg de castaña, 200 kg de *Boletus edulis* e un medrío entre 5-8 m³ de madeira por hectárea e ano. Isto suporía un ingreso neto de arredor dos 6.000 €/ha anuais (sen contar os custos de explotación).

Como mostra, é interesante visitar as árbores que Hifas da Terra posúe no lugar de Portamuiños, en Bora (Pontevedra), no que cultiva castiñeiros e cogomelos ecolóxicos. Estes soutos e cultivos fixeron á empresa merecedora do 1º Premio ao "Embelecemento do medio rural de Galiza", dada a importancia dos soutos como elemento fundamental da nosa paisaxe e base da dieta, a arquitectura e cultura popular galega.

Grazas a estes híbridos micorrizados, producidos desde viveiros como Hifas da Terra, podemos seguir defendendo na Galiza atlántica que o castiñeiro siga sendo a nosa "árbore do pan".

Produtividade anual de 1 ha de castiñeiros híbridos micorrizados con 15 anos de idade a marco de 7x7 m		
Produtividade anual	Prezos estimados	Redimento económico
3.000 kg de castañas	1 €/Kg	3.000 €
200 kg de <i>Boletus edulis</i>	7 €/Kg	1.400 €
Madeira 8 m ³	200 €/m ³	1.600 €
TOTAL	-	6.000 €/ha ao ano

* Esteban Sinde Stompel é biólogo e enxeñeiro de medio ambiente e planificación territorial.
+ info: Hifas da Terra S.L. Portamuiños 7 Bora 36154 Pontevedra TI. 986861087 Fax 986860627 e-mail: info@hifasdaterra.com, www.hifasdaterra.com

CEIDA: 10 ANOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

Ana Belén Pardo, Natalia Neira, Verónica Pajón*

O CEIDA, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental, é o centro de referencia en educación ambiental de Galiza. Os seus 10 anos de traxectoria son testemuña do traballo da entidade por acadar o seu obxectivo principal: promover a sensibilización e capacitación para resolver os problemas socioambientais da sociedade galega.



Pasarela do Castelo de Santa Cruz, onde se localiza o CEIDA.

ANTECEDENTES

O CEIDA nace no ano 1989, cando o Concello de Oleiros adquire a Illa de Santa Cruz (Oleiros) e lle cede a xestión das instalacións á Xunta de Galiza. Xorde así o Centro de Educación, Información e Divulgación Ambiental, dependente da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Tras redefinir o proxecto inicial, no ano 1997 modifícase o perfil da entidade, que pasa a ser o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, para a cal se establece un convenio de colaboración entre a Xunta, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros. Será en 2001 cando comece o actual proxecto de dirección e xestión do CEIDA.

O principal obxectivo da entidade é fomentar a educación ambiental (EA) en Galiza, desde a información, a divulgación e a comunicación, e colaborar con aqueles que persigan o mesmo fin.

O CASTELO DE SANTA CRUZ

Este castelo, sede do CEIDA, está situado nun illote na parroquia de Liáns (Oleiros), ao que hai que acceder a través dunha pasarela peonil. Os elementos defensivos da illa, como a muralla, datan do século XVII. No século XIX, a illa é adquirida por D. Xosé Quiroga, esposo de Dña. Emilia Pardo Bazán, que mandou

construír o pazo no que actualmente se asenta o CEIDA.

O Castelo de Santa Cruz foi declarado Ben de Interese Cultural. A súa beleza natural e paisaxística e o seu interese histórico fan deste enclave privilexiado unha parada obrigada para os turistas.

FORMACIÓN E CAPACITACIÓN

No CEIDA desenvólense actividades formativas dirixidas a diferentes sectores

da sociedade. Os temas seleccionados xiran arredor de problemáticas ambientais coñecidas tanto pola cidadanía como pola comunidade científica. A importancia da formación radica no labor de creación e consolidación dunha sociedade concienciada na crise ambiental que está a sufrir o planeta.

Dado que nos atopamos inmersos na Sociedade da Información e das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC), desde o ano 2008 o CEIDA comezou a ofertar formación en liña, paralelamente á formación presencial.

EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Os programas educativos desenvolvidos polo CEIDA son unha oportunidade para achegarse á sociedade dun xeito máis persoal, conseguindo a súa implicación na resolución dos problemas ambientais. Aínda que, pola situación e traxectoria do centro, se traballa fundamentalmente a prol do litoral e o medio mariño, ao longo destes anos desenvolveronse programas relacionados con outras temáticas como cambio climático, recursos forestais e conservación.

Participación nas actividades do CEIDA (nº de persoas, período 2001-2010)					
Ano	Actividades formación ambiental	Programas educación ambiental	Aula do mar	Exposicións no Castelo	Exposicións itinerantes
2001	445	1.352	-	880	-
2002	1.140	2.527	-	5.400	-
2003	1.210	3.150	-	11.686	-
2004	1.393	5.664	-	14.675	Sen datos
2005	769	6.389	-	18.577	Sen datos
2006	1.326	6.217	10.662	17.181	20.663
2007	1.144	4.778	12.137	18.761	40.814
2008	1.782	5.719	16.087	19.605	87.109
2009	4.427	5.355	15.057	12.878	1.086.697
2010	1.156	4.230	11.276	7.144	15.218
TOTAIS	14.792	45.381	65.219	126.787	1.250.501

Destacar o Congreso de Educación Ambiental dos Centros de Ensino de A Coruña "Espazos para conservar, defendamos o noso patrimonio natural", celebrado desde o ano 2007 e patrocinado pola Deputación da Coruña.

A área de Educación continúa o seu traballo a través da Aula do Mar e da organización de exposicións.

Aula do Mar

Este equipamento de EA, xestionado polo CEIDA e situado no faro de Mera, é o Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes. Acolle unha exposición permanente sobre a zona litoral na que se atopa. Dispón de maquetas, materiais audiovisuais e equipos interactivos que fan da súa visita unha forma de sensibilización ambiental a través do entretemento. Tamén funciona como punto de información para os turistas que se achegan ata o Monumento, e de observación ornitolóxica.

Exposicións

O CEIDA contempla tanto mostras na propia sede da entidade coma mostras itinerantes. O valor patrimonial do Castelo convérteo nun reclamo turístico, o que supón que cada ano sexan máis de 10.000 persoas as que visitan as súas instalacións. As exposicións itinerantes permiten que o CEIDA continúe a desenvolver o seu labor divulgativo fóra do Concello de Oleiros.

INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN

O CEIDA dispón do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, cuxos piares temáticos son educación ambiental, conservación e sustentabilidade. Forma parte de RECIDA, a Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental do Estado español. Este centro custodia e ofrece o fondo documental ambiental máis amplo de Galiza, con materiais de diversa natureza: libros, revistas, audiovisuais, literatura inédita... á disposición de educadores ambientais, docentes, técnicos da Administración Pública, estudantes e, en xeral, calquera persoa interesada no medio ambiente. O seu sistema de atención ao público busca facilitar o acceso á información e documentación ambiental a toda a cidadanía. Tamén se encarga da actualización da web do CEIDA, a xestión das diferentes listas de distribución informativas da entidade e a relación cos medios de comunicación.



Aula do Mar e Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes.

Fondos do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga (CEIDA)

Tipo de material	Nº exemplares
Monografías	5.556
Artigos de revista	12.491
Audiovisuais	973
Literatura gris	758
Folletos	2.347
TOTAL	22.125

PUBLICACIÓNS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

O CEIDA elabora publicacións que buscan servir como apoio a investigadores, técnicos e educadores na súa faceta de divulgadores dos problemas ambientais e como axentes activos na súa resolución. Ademais das memorias anuais da entidade, desde o ano 2006 publícase a revista *Ambientalmente sustentable*, revista científica galego-lusófona de educación ambiental. Entre as últimas publicacións do CEIDA atópanse *A xestión do litoral* (2009), *Educación ambiental e cambio climático* (2010) e *Manual de xestión de áreas protexidas* (2010).

Actualmente, as liñas de actuación do CEIDA son educación ambiental non formal, educación ambiental no sistema educativo, cambio climático, auga, desenvolvemento local, medio mariño, conservación e uso público, cooperación internacional e investigación.

É preciso sinalar que as iniciativas que xorden desde o CEIDA non serían posibles sen o apoio, tanto dos patróns (Xunta, Universidade da Coruña e Con-

cello de Oleiros) como doutras entidades que se implican e participan no proxecto: organizacións internacionais, administracións (central, autonómica e local), universidades, empresa privada, fundacións e entidades financeiras, entidades ambientalistas, locais, etc.

COOPERACIÓN INTERNACIONAL

O CEIDA desenvolve outras liñas de colaboración a nivel estatal e europeo, con países iberoamericanos e co mundo lusófono. Destaca o I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galiza, que tivo lugar en 2007 en Compostela. Na segunda edición, celebrada en Cabo Verde, tamén colaborou o CEIDA.

Durante esta década, o CEIDA cooperou con máis de 30 países arredor de todo o mundo e nas actividades organizadas participaron máis de 1.200 persoas.

* Área de Documentación do CEIDA.

A PEZOÑA PINTADA

(CONTOS DO TIO-VIVO)

Xosé Salvadores

Xosé Salvadores



Xosé Salvadores



Píntega, pezoña, pinchorra, pinta, roncha, sacabeira, sacarrancha, salamántiga, salamándrega, salmantiña, saramaganta, zaramela, zampesa veñen sendo a mesma cousa: bicho que case todos coñecen e a moitos dá noxo. Ben sei que sería preferíbel dedicar este espazo a seres máis fermosos. Sen embargo, todos somos importantes –se non que llo pregunten á interesada– e é obrigado reparar a inxustiza que durante séculos se cometeu e se comete contra a calumniada e repudiada pinchorra, aínda que se poña en cuestión o bo gusto.

A píntega é un anfibio, para máis datos, *Urodela*, que non usa moito a auga; só, en ocasións, cando nace, que a nai bota as crías ao mundo metendo o rabo e salvas partes nas augas ben oxixenadas, e coidando de non caer, xa que podería afoegar (pero a nai tamén pode parir en terra as crías xa desenvoltas). É, ademais de ovovivípara, algo máxica.

As larvas que nacen na auga, logo da metamorfose, convértense no adulto que todos coñecemos: manchas amarelas ou laranxas sobre fondo negro, traxe que chaman aposomático e que serve para indicar aos seus posíbeis inimigos con pretensións gastronómicas que busquen outro bocado. Ela sabe a raios e mesmo queima na boca de quen se atreve a comela, grazas a unha secreción cutánea tóxica. Esta é a súa defensa, polo que é precaución sobrada, se se andou con ela, lavar ben as mans para que non irriten as mucosas, que é todo o mal que nos pode facer.

Pero esta defensa, xunto a que só anda pola noite, pode ser a orixe dunha mala sona que a transformou nun ser maléfico capaz de facer grandes prodixios. Son innumerábeis os relatos que dela se contan e que se repiten cunha grande similitude.

Na cultura popular recoñécenselle poderes potentes, como os de seren inmunes ao lume ou que poden transmitir males a distancia. Os aires da píntega, é dicir, o seu bafo ou alento, ou simplemente, o seu paso, pode comunicar males terroíficos. Non é pois estraño o que ocorría no Instituto: o edificio fora construído recentemente nun lugar húmido; cando chegaba a primavera coas súas chuvias mornas, as píntegas que habitaban o lugar antes de que se fixera nel tan nobre espazo de saber e cultura, saían na noite e quedaban pechadas na trampa das zonas asfaltadas. E polas mañás, cando chegaba o alumnado, produciase unha matanza entusiasta coa convicción de que se estaba librando o mundo dun monstro terrorífico. O profesor Ramón Balado e máis eu tentabamos corrixir estas actitudes pero facíase difícil porque os/as alumnos/as estaban absolutamente convencidos de que a píntega producía doenzas, e mesmo dicían coñecer a quen as padecía que ás veces era un parente seu.

Tampouco serviu de moito que Manolo Rivas aclarara que as lavandeiras non perdían as unllas por causa do aire das píntegas senón que era pola sosa dos xabróns. En canto a un trato respectuoso con elas eu teño visto a Xurxo Mouriño,

un clásico do ecoloxismo galego, como, nun encontro cun par de pequenas pintas no Candán, apartábaas delicadamente do camiño para poñelas a salvo de posíbeis accidentes e non por iso perdeu os dedos ao manipulalas, nin lle saíron as manchas da pinta polo corpo, e segue, co seu grande atractivo, sendo un divo para os/as amantes da natureza. A sacabeira anda a modiño, silandeira e polas noites, ten inimigos que a desprezan, pero sen dúbida quen lle ocasiona máis baixas é o ser humano: lixando a auga, co tráfico rodado ou dándolle morte intencionadamente.

Queda pois aínda bastante por facer para situar as lendas no seu lugar e devolver a píntega á sona que merece, pois, sendo xusto hai que recoñecer que guapa non é, pero si interesante tanto para o equilibrio natural como para os agricultores aos que lles limpa o horto de caracois, lesmas e demais bicharía amante das mellores hortaliças.

En Galiza temos dúas subespecies de píntegas: a *Salamandra salamandra galaica* e a *Salamandra salamandra bernardezi*, diferénciase nas manchas do corpo, polo tamaño, a forma do fociño, e outras características, aínda que se mesturan e se reproducen sen problemas. Outra cousa é a súa parente a *Chioglossa lussitanica* (píntega rabilonga) que difire bastante da popular píntega. E máis pequeniña, máis lanzal, estreitiña, cunha cola longa; vive maiormente na auga e só existe no occidente de Asturias, en Galiza e Portugal (seguro que é reintegracionista).

O MARMELEIRO

M^a Xosé Castro e Gemma Pérez

O marmeleiro é unha árbore froiteira mediana de altura pero grande en valía, acada os 4 ou 6 metros, non máis. É orixinaria de Asia menor pero o seu nome científico, *Cydonia oblonga*, provén da cidade de Cydonia, no noroeste de Creta, rexión da que se dicían que proviñan os mellores e máis doces marmelos. No pasado, foi símbolo da fertilidade, de feito os gregos consagraban os froitos a Afrodita, deusa do amor.

Esta árbore é familiar directo das maceiras e das peras, concretamente ven sendo da familia das *Rosaceae*. Prefire climas de veráns calorosos e invernos longos, dándose ben naqueles terreos destinados ás vides.

O tronco do marmeleiro é de cor gris e tacto liso e antes de que as súas follas caduquen e vaian ao chan, cobren as pólas de cor verde intenso. Estas teñen peliños no envés ao igual que os froitos, a modo de abrigosa pel. Na primavera alegra a vista das humanas xentes con flores de cinco pétalos, brancas ou rosa pálido.

O froito vai pasando dunha cor verde a un amarelo dourado intenso conforme vai madurando, asemade irá perdendo a pelusiña que o cubre. Adquire formas variadas, con volumes de aparencia gorda á vista do observador.

Despois do tacto e a vista, os seguintes sentidos cos que nos podemos achegar a este froito son o olfacto e o gusto. O marmelo ten un cheiro agradable, de feito, algúns din que antigamente colocábanse marmelos entre a roupa para que esta adquirira o seu aroma. Pero non nos podemos deixar enganar por ese cheiro atractivo e tentar comer un marmelo a dentadas como se dunha mazá se tratase. O marmelo tómase sempre cocinado, nunca fresco, xa que ten un sabor moi amargo e tacto áspero ao padal.



Marióm

O papel na gastronomía popular do marmelo é evidente, atopámolo en forma de xelea, marmelada, licor ou como "doce de marmelo". É enormemente popular como sobremesa, asociado ao queixo, nunha saborosa mestura doce-salgada.

Se tentamos ir máis alá e tomando as manifestacións artísticas como referencia, podemos observar que ao longo da historia foron varios os que plasmaron nas súas obras imaxes deste froito. Xa o pintor tenebrista Zurbarán, no

século XVII, soubo admirar a beleza do marmelo. Nun dos seus óleos, "Bodegón con marmelos", podemos recoñecer perfectamente catro destes froitos. Tamén o pintor holandés Pieter van den Bosch, no mesmo século, pintou o seu óleo "Bodegón con marmelo", no que podemos ver unha composición na que o marmelo ocupa a posición central da imaxe e pon a nota de cor co seu intenso amarelo.

Na linguaxe do cinema, podemos atopar un filme no que o marmelo é o protagonista. Trátase da terceira longametraxe do director Vitor Erice, "O sol do marmelo" (1992), baseada na captación do proceso de creación artística de Antonio López, quen plasma nun cadro un marmeleiro do seu xardín. A película recolle a modo de documental todas as dúbidas, pensamentos, conversacións durante a creación do cadro. A presenza da árbore é continua, de feito é o centro da mirada realista do pintor, do obxectivo da cámara e, polo tanto, do ollo do espectador.

Unha árbore xeitosa de froitos con moito aquel, fonte de admiración artística e culpábel de doces soños no gusto.

Doce de Marmelo de Chelo

"O primeiro que fago é cortar os marmelos en anacos e quitarlles o corazón para pesalos. Bótoos nunha pota cun fondo de azucre, e despois engado 600 gramos de azucre por cada quilo de marmelo. Remexo o que alí queda e déixoo repousar toda unha noite. Ao día seguinte pñoño a ferver e durante unha hora a lume lento, nunca moi forte. O que resulta pásoo polo batedor. Ao final, para eliminar as peles e pebidas utilizo o "pasapuré" e directamente aos recipientes, a arrefriar. É doado, calquera pode facelo."

Chelo (A Coruña)

ACABOUSE O CARBÓN

Xan Carlos Fernández*

A Fraga é unha aldea situada dentro do Parque Natural do Xurés, pertencente ao concello de Lobeira, a uns 900 metros de altitude. Ten a curiosidade de que é unha aldea-parroquia porque non ten máis núcleos ca este por mor do afastamento a outras poboacións. Traemos aquí unha nova curiosidade sobre o aproveitamento que se fai das uces, que aínda seguen recollendo os veciños desta localidade.

Cóntanos Lucía Rodríguez, unha muller que sempre viviu na Fraga, que "ao monte ían dúas persoas, cortábanse os cañotos, faciase unha burata, encendíase o lume, botábanse os cañotos na burata, unha vez ardido en brasa, botábaselle terra. Collíase o angazo e tirábase a unha eira. Ao encher os sacos introducíase carqueixa. Unha vez preparado subíanse os sacos ao cabalo e levábase a vender a Celanova". A señora Lucía quéixase que "desde que comezaron a poñer os piñeiros na Serra, acabouse o carbón".

Como os veciños da Fraga sabían que CERNA lles ía facer unha entrevista, xuntouse toda a veciñanza a carón do local veciñal, recentemente acondicionado. Están moi orgullosos do arranxo do local porque "aquí xa viñan profesores da Universidade de Santiago onde durmían e comían, pero isto non estaba en condicións".

Outro veciño, o Marcelino, describe con máis precisión o aproveitamento dos torgos (raíz da uz). "Hai que rachalos moi rachadiños, picalos en tres ou cuatro cachos. Facer unha burata na terra, porque a terra dalle a templa. En dúas ou tres horas faciase o carbón. Aínda hai buratas de cando se facían no monte, porque na burata é onde se queimaba. E despois faciase unha eira [estendíase o carbón] para enfrialo e botábase nunhas sacas". Para extraer o torgo "rómpease coa petá", unha especie de pico que todos os veciños e veciñas da Fraga teñen pendurados, xunto coas demais ferramentas de labranza, nos baixos das casas e que mostran con moito orgullo. Marcelino di que cada raíz ou torgo daba uns oito ou dez cachos. O monte "coutábase" porque había quen ía facer o carbón e había quen non. O Marcelino desempeña na actualidade o



Aldea de A Fraga no concello de Lobeira, dentro do Parque Natural do Xurés.



Pila de torgos.

xo da estrada "paran na ponte, porque agora eso está difícil polo Parque e pola Rede Natura. O de Bande está parado no 29, 'o melhor já' non vai vir". Cando mencionan "o 29" estanse a referir ao marco delimitador da raia con Portugal, porque sinalando coa mao "tras daquil monte é a raia con Portugal. Os torgos cortábanse na Serra do Laboreiro e desde aquí iamos ata Bande co carbón no carro e polo camiño da Canella do Cordo ata Celanova".

O carbón vendíase aos ferreiros pero agora hai menos uceiras, por iso, outra veciña sentenza, "en canto non arda o monte, non se poña de luto, non haberá torgos". A hospitalidade connosco queda patente ao convidarnos para o mes de decembro á inauguración do local e para o lector ou lectora da revista que se quei-



A Señora Lucía.

ra achegar, a unha demostración da elaboración do carbón vexetal. Cando subíamos para A Fraga os veciños de Lobeira advertíronnos que existía "unha lingua da Fraga" e que deberían "estudala", aínda que nós sabemos que non é máis que o galego-portugués que pervive no uso destas localidades arraianas.

* A "fala da Fraga" é a que empregan os habitantes desa zona do Parque do Xurés. Xan Carlos Fernández é membro de ADEGA-Ourense.



Mobilízate pola selva

¿Tes móbiles vellos na casa sen usar?

RECÍCLAOS CON NOS!

O CEIDA colabora co Instituto Jane Goodall, xunto con 32 concellos e a Universidade de Vigo no desenvolvemento en Galicia da campaña "mobilízate pola selva" para a recollida e reciclaxe de móbiles.

Achegando teu móbil en desuso á campaña podes axudar a:

- ✓ REUTILIZAR terminais e reducir a insostible demanda dos seus compoñentes
- ✓ RECICLAR elementos útiles e dispor adecuadamente de materiais tóxicos, evitando a contaminación do contorno.
- ✓ RECADAR FONDOS PARA OS PROGRAMAS DE DESARROLLO, EDUCACIÓN E CONSERVACIÓN NO CONGO, como o do Centro de Recuperación de Chimpancés do Instituto Jane Goodall en Tchimpounga. Ali coidase de máis de 140 chimpancés rescatados e realízanse programas de desenvolvemento sostible coa comunidade local.


Concellos participantes:

A Rúa de Valdeorras / Ames / Ares / Bolro / Cabana / Cadelra / Cospelto / Calleredo / Curtis / Esgos / Ferrol / Fene / Lugo / Lalin / Laxe / Maside / Monforte De Lemos / Mos / Muxia / Neda / Negrelra / Ortigueira / Ourense / Piñor / Ponteareas / Pontecoso / Rodello / Sanxenxo / Sarria / Toén / Tul / Valga



Instituto Jane Goodall

Toda a información en: www.movilizateporlaselva.org ■ Enviar teu móbil é totalmente gratuito



Máis información: 981 630 618 ■ cooperacion@celda.org ■ <http://www.celda.org/concellos/campana-reciclaxe-mobiles2.html>

Esta publicación conta cunha axuda da Área de Cultura de Vicepresidencia da Deputación de Lugo destinada a actividades de interese cultural durante o ano 2010.



Murguia, Revista Galega de Historia fica de cuarto aniversario.

Grazas a centos de subscritores e lectoras *Murguia* val descubrindo a Historia da nosa razón, divulgándoa e ponéndon en valor.

No último número apréséntase unha carta inédita dun galego na Revolución francesa, dous novos tipos de cruceiros, o nacionalismo galego e a esquerda na Transición. Staffan Morling e as súas achegas antropolóxicas e moito máis.

Colabora coa recuperación da memoria histórica do noso país.

Subscríbete!


Nome Apelidos

Enderezo

Localidade CP Teléfono

Solicita Subscripción Máis información

Financ. por Murguia, Revista Galega de Historia; Apoio do Goberno 755 45.703 Compostela; ou secretaria@revistamurguia.com; Teléfono 029 3172108



Dir. xñ ZEF/100
un número cada 4 meses na túa casa!

www.revistamurguia.com

ROTEIROS POLA LINGUA (2010-2011)

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), desde a súa delegación de Lugo, organiza un ano máis unha xeira de roteiros ou percorridos polo territorio galego na busca do achegamento da sociedade galega á realidade ambiental, paisaxística, social e cultural . Neste curso 2010-2011 os roteiros de ADEGA Lugo están dedicados ao noso idioma, principal vehículo de relación co ambiente e con todo aquilo que nos identifica como galegos e galegas.



ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Ronda Fontiñas, 180 Ent.
C.P. 27002 Lugo
Tfno: 982240299
Email: adegalugo@adega.info



PRÓXIMOS ROTEIROS POLA LINGUA

DÍA	MES	TÍTULO	LUGAR	COLABORA...	COAS PALABRAS DE...
23	Xaneiro	"Pola terra do Señor das palabras"	A Chaira (Outeiro de Rei, Guitiriz)	Marica Campo, Xabier Cordal e Asoc. Xermolos	Manuel María, Marica Campo, Aquilino Iglesias, Darío Xohán Cabana...
20	Febreiro	Camín d'as Eiras	Taramundi	Branca Villares, J.C. Quintana, Carlos Varela, ...	Antolín S. Mediante, Conrado Villar Loza...
20	Marzo	"Toda humilde beleza me namora..."	Mondoñedo	Ricardo Polín	Noriega Varela, Leiras Pulpeiro, Cunqueiro, Carlos Reigosa, Pascual Veiga, etc.
17	Abril	Modelo Burela	Burela	Concello de Burela	
29	Maio	"Feros corvos do Xallas"	Costa da Morte	Plataforma en defensa do río Xallas	Eduardo Pondal, Marilar Alexandre...
26	Xuño	"Vendo-os assim tão pertinho"	Valença-Monçao	Ponte nas Ondas	João Verde, Amador Montenegro, Castelao...

Lugar de saída: Avenida de Ramón Ferreiro (frente a Escola de Maxisteiro), Lugo.

Hora de saída: Ás 9.00 horas, agás nos roteiros de maio e xuño que será ás 8.00 horas.

Prezos: 15 € (non socios/as), 12 € (estudantes, parados, xubilados), 10€ (socios/as) e 5€ (menores de 17 anos).

Reserva de praza: Chamar ao menos con 2 días de antelación a: 982240299 ou 679113718.